



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior



UNIDADE POLICÍA NACIONAL ADSCRITA Á XUNTA DE GALICIA

MEMORIA UPA 2018
MEMORIA UPA 2018



ÍNDICE

1. - -INTRODUCCIÓN

2. - TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

3. - ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1.- SECCIÓN PROTECCIÓN:

3.1.1.- CENTRO DE MANDO INTEGRADO

3.1.2.- GRUPO SEGURIDADE ESTÁTICA

3.1.3.- GRUPO PROTECCIÓN

3.2.- EQUIPO DE RESPOSTA POLICIAL

3.3.- SECCIÓN INVESTIGACIÓN:

3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES

3.3.2. GRUPO DE PROTECCIÓN VÍTIMAS VIOLENCIA DE XENERO

3.3.3.- EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACION DE

LUMES

3.3.3.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL

3.3.4.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL

3.3.5.- OUTRAS ACTUACIÓNS

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

4. - ESTRUCTURA DA UNIDADE

4.1.- XEFATURA DA UPA

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E LOCAL

5. - CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

6.- DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABALLO

6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE.



7. - ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

7.1.- POLICÍA XUDICIAL

7.2.- MENORES

7.2.1 COLABORACIÓNS DA UPA COA CONSELLERÍA DE SANIDADE

7.2.2 GRUPOS DE PROTECCIÓN VITIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO UPAP

7.3.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

7.3.1.- INFORME PLADIGA

7.3.2.- OUTRAS ACTIVIDADES EN DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE NATURAL

7.3.2.1.- COLABORACIÓNS DA UPA COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

7.3.2.2.- COLABORACIÓNS DA UPA COA CONSELLERÍA DO MAR

7.3.2.3.- COLABORACIÓNS DA UPA COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

7.4.- FEIRA TAURINA: A PEREGRINA

7.5.- EQUIPO DE RESPUESTA POLICIAL

7.6.- POLICÍA DE SEGURIDADE

7.6.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

7.6.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

7.7.- APOIO A INSTITUCIÓNS

7.8.-RELACIÓNS COA COMUNIDADE

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

8.2.- INFORMÁTICA, FORMACIÓN , TIRO

8.- OBXECTIVOS UPA 2019



1.- INTRODUCCIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

No convencemento de que a función policial debe ter como principio inspirador a prestación dun servizo público de calidade, a Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), dentro do seu ámbito competencial, diseña as súas actuacións consonte ás demandas e ás necesidades da sociedade galega, procurando adaptarse ao seu constante dinamismo e ás novas esixencias derivadas dun maior desenvolvemento e

modernidade.

Con esta memoria a UPA pretende dar a coñecer a outras institucións e, en xeral, á sociedade galega as principais actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2018, así como facer un resumo da estrutura da unidade policial, dos seus recursos humanos e materiais e do marco normativo no que se encadran as súas funcións.

A finalidade deste documento non se esgota en dar conta das actuacións realizadas pola UPA no ano 2018, tamén recolle os indicadores que permiten avaliar os distintos servizos prestados e o

grao de cumprimento dos seus obxectivos, pretendendo converterse nun



instrumento que afonde na calidade dos servizos da UPA e nos resultados acadados, así como avanzar nos obxectivos establecidos para o ano 2018.

Todo isto, nun claro desexo de total transparencia a prol dun acercamento á cidadanía galega, á que en definitiva serve e ante os que responde.

BREVE RESUMO DO ANO 2018

Como en anos anteriores o 2018 comezou coa finalidade da consecución dos obxectivos marcados para o ano 2018 en especial a asunción de novas competencias e a especialización por unha maior eficiencia e eficacia, o que ten permitido manter os niveis de calidade na prestación do servizo.

Obxectivos que abarcan todas áreas nas que a unidade ten competencias e que co transcurso do ano non só foron cumpridos na súa gran maioría senón incrementados co labor diario e os requirimentos efectuados polas distintas Consellerías da Xunta de Galicia, cumprindo así o obxectivo de potenciación de colaboración coas mesmas en tarefas de inspección, investigación, protección ou apoio operativo.

O pasado ano, foi necesario establecer unha serie de prioridades en canto ás



as

tarefas a desenvolver, de xeito que se dera resposta policial en primeiro lugar a aquelas cuestións máis sensibles e máis importantes, tanto para o Goberno galego coma para a cidadanía. A UPA naceu como reforzo para atender e dar resposta á realidade específica de Galicia en materia de ambiente, incendios, furtivismo, menores, violencia de xénero ou de vixilancia no contorno do Camiño de Santiago e o seu patrimonio.

O ano 2018 continuou a reestruturación do cadro de persoal, a pesar do descenso no número de funcionarios que padecemos nos últimos anos, e a potenciación de determinados servizos operativos, especialmente relacionados coa **prevención e investigación de incendios forestais, a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, e a creación dos grupos de protección ás vítimas da violencia de xénero (VIOXEN).**

Dende a Xunta a loita contra a **violencia de xénero** é unha prioridade, traballando sempre dende todos os frontes pola igualdade de xénero, tanto no ámbito educativo como fomentando a conciliación familiar, apoiando ás mulleres e ofrecendo asesoramento psicolóxico, legal e formación, así como axudas económicas.

Neste sentido, o 26 de outubro de 2015, fírmouse, entre o Ministro de Interior e o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o **Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuación e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma.**



Como continuación ao anterior, o 27 de xuño de 2016 tivo lugar a rúbrica coa Xefatura Superior de Policía, da Acta resultante da primeira reunión da Comisión Delegada de Seguimento do Protocolo citado anteriormente, centrándose basicamente na colaboración e coordinación coas distintas Comisaría do CNP, tanto no ámbito da atención, coma no da protección das vítimas de violencia de xénero.

O documento, asinado, determinou o marco operativo da colaboración, así como aquelas casuísticas concretas que poidan xurdir na práctica de traballo diaria entre funcionarios policiais de ambos corpos. Unha vez asinado o documento, os axentes da UPA comezarán a desenvolver, de xeito gradual, as funcións de protección das vítimas de violencia machista.

A partires do mes de setembro, comezaron a facerse cargo das mulleres protexidas asignadas desde as Comisaría de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. as 24 horas do día, durante os 365 días do ano.

Desta maneira o número de axentes e de medios dedicados á protección de mulleres, irase incrementando ao igual que aumenten as vítimas, para seguir proporcionándolles un nivel óptimo de atención e protección.

PERSOAL DEDICADO Á VIOXÉN				
Upa	EQUIPOS VIOXÉN	PERSOAL APOIO	PERSOAL DE COORDINACIÓN	TOTAL
SANTIAGO	3	11	3	17
A CORUÑA	3	11	1	15
LUGO	2	11	1	14
OURENSE	1	11	1	13
PONTEVEDRA	2	11	1	14
VIGO	2	11	1	14
TOTAL	13	66	8	87*

*O número de axentes dedicados a VIOXÉN irase incrementando a medida que se vaian asignando máis vítimas de violencia de xénero.

No que respecta aos datos estatísticos que se reflicten no cadro adxunto, durante o ano 2018 o número de vítimas que tiveron protección policial foron un total de 615, entre as que se manteñen activas no sistema de protección, as que se inactivaron por cese das circunstancias que motivaban o risco e as que foron trasladadas a outros corpos de seguridade por cambio de domicilio da vítima.

Durante o ano, o número de **vítimas activas** no sistema de protección variou dende as 240 cas que comezou xaneiro ata as **272 mulleres protexidas por esta unidade a 31 de decembro de 2018.**

O oito de maio tomou posesión como xefe da Unidade de Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia o Comisario D. Fernando Pico López que substituíu no seu cargo ao Comisario Silverio Blanco Fernandez

O acto estivo presidido polo señor presidente da Xunta de Galicia D. Alberto Nuñez Feijoo, que encargou ao novo comisario, como labores principais loitar contra os incendios forestais e a violencia machista,




Asistiron, ademais, as principais autoridades relacionadas coa orde pública, tanto os mandos da Garda Civil e Policía Nacional, como os máximos representantes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) Miguel Ángel Cadenas Sobreira, e Fiscalía, xunto co delegado do Goberno en Galicia D.Santiago Villanueva Alvarez e outros cargos da Xunta, como o vicepresidente, Alfonso Rueda Valenzuela, de quen depende esta Unidade de Policía.

O novo comisario xefe, fundador da Unidade hai 27 anos, fixouse como retos acabar coas "secuelas" da violencia machista e dos incendios forestais, dúas cuestións que "avergoñan" aos homes e como pobo galego.

Lembrou que hoxe en día os axentes da Unidade protexen a 240 mulleres vítimas da violencia machista, un servizo especializado que, dixo, espera que se

poida "recuperar" no número de efectivos despois das "baixas" que houbo nos últimos anos.



Destacou á "secuela" dos incendios forestais, un ámbito no que comprometeu esforzos e pediu implicación a toda a cidadanía. "Unha chamada ao 112 é gratis e pode salvar vidas", pedindo a os integrantes da Unidade a máxima dedicación e a Xunta un esforzo na dotación de medios e diálogo cos sindicatos aos que comprometeu transparencia.



Estas dúas áreas tamén foron as máis destacadas polo presidente da Xunta. Citounas como "dous problemas lamentables" cos que conta Galicia un territorio que, no entanto, é "o dos máis seguros" do mundo. Con todo, recoñeceu que a violencia machista "avergóñalles" como homes e por iso hai que seguir loitando contra "este absurdo".

Do mesmo xeito referiuse aos incendios forestais, un problema de "orde pública" que tamén pon en "perigo" a vida das persoas. "Avergóñanos como pobo", asegurou sobre esta cuestión, respecto diso da que aproveitou a presenza dos distintos corpos de seguridade para pedir a "maior colaboración e coordinación" entre eles para poder combater os incendios.



O 2018, e como en anos anteriores, cobra especial importancia a colaboración no **Plan de Loita contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA)**, con patrullas especiais de vixilancia en zonas forestais, control de queimas, talas, plantacións, pastos en zonas afectadas polos lumes e seguimento de zonas queimadas. Así como a investigación de incendios, mediante inspeccións oculares; captación de información e colaboración e coordinación cos distritos forestais e de servizos contra incendios.

Comité Integrado de Prevención de Incendios de Galicia para a campaña 2018

O Comité Integrado de Prevención de Incendios de Galicia para a campaña 2018 quedou formalmente constituído o 6 de xuño, estando operativo dende o 1 de xullo ata o 31 de outubro, período establecido como época de alto risco de incendios forestais.

Este Comité está presidido polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o subsecretario do Ministerio del Interior, Luis Aguilera, e ten como finalidade coordinar as actuacións da Xunta e o Goberno Central en materia de prevención e loita contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, incidiu na importancia da colaboración, coordinación e cooperación entre as Administracións para conseguir facer fronte con máis eficacia aos incendios forestais e intentar evitar o máximo posible esta lacra, así como tentar reducir os danos ocasionados polos lumes.

Na reunión do CIPIG tamén participaron a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez Mejuto, e o delegado do Goberno en Galicia, Santiago Villanueva, así como o director xeral de Protección Civil e Emerxencias, Juan Antonio Díaz; o subdirector de Silvicultura e Montes do Magrama, Guillermo Fernández; o xefe rexional de operación de Policía Nacional de Galicia, José Luis Balseiro; o xeneral Xefe da XV Zona da Garda Civil de Galicia, Ángel Alonso Miranda e o comandante do Batallón da Unidade Militar de Emerxencias (UME) , Javier Trevín.



En representación do Goberno galego, tamén estiveron presentes o director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor; o director xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández-Couto; e o comisario xefe da Unidade de Policía Adscrita Fernando Pico.

Así na conformación do CIPIG o subsecretario do Ministerio do Interior, Luís Aguilera, destacou que por parte do Goberno central destinaranse 18 medios aéreos con área preferente de actuación na comunidade autónoma. Haberá avións anfibios en Lavacolla e de carga en terra en Xinzo de Limia; estarán dispoñibles un avión de coordinación (ACO), outros dous con depósitos de 3.100 litros, así como un dron (RPAS), xunto a outros medios aéreos en distintas localizacións próximas á comunidade.



Así mesmo, os medios humanos dispostos a través do Ministerio serán 50 efectivos das Brigadas de Reforzo de Incendios Forestais de Laza, con dous helicópteros, que estarán activos desde o 15 de xuño até o 14 de outubro. Ademais únense 50 efectivos das BRIF de Tineo e de Tabuyo, con dous helicópteros en cada posición, que operarán cubrindo o período entre o 16 de xuño e o 30 de outubro.

Nos meses de verán Galicia tamén contará dun pelotón da UME en Figueirido (Pontevedra) e activarase o Sentinela Galego con 25 patrullas iniciais que poden estar reforzadas até con outras 50 no caso de que sexa preciso, así como dous helicópteros de vixilancia.

Xunto a todos eles traballarán axentes do Corpo Nacional de Policía na **Operación Lumes**, cun equipo multidisciplinar composto por expertos en investigación de incendios de Policía Xudicial e especialistas de Policía Científica. Por parte da Garda Civil están dispostos efectivos dos equipos de cabalaría, policía xudicial, Seprona, agrupación rural de seguridade e un helicóptero.



Pladiga 2018

Neste encontro lembrouse a necesidade de manter o esforzo conxunto por parte de todas as administracións públicas e da sociedade galega fronte ao problema dos incendios forestais.

A conselleira do Medio Rural, Angeles Vázquez, destacou que o operativo de loita contra o lume estará integrado, na tempada de alto risco, por máis de 7.000 efectivos, contando os propios da Xunta, os do Ministerio de Agricultura, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Disporase, ademais, duns trinta medios aéreos e de 360 motobombas, ás que se engaden cisternas, e outros vehículos.

A conselleira indicou ademais que entre as principais novidades do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) 2018 figuran melloras tecnolóxicas e organizativas, para reforzar os ámbitos da prevención, a vixilancia, a disuasión e a sensibilización e colaboración cidadá. Salientou que este ano, por primeira vez, se cubrirán o cen por cento das vacantes do persoal do dispositivo e que se contempla a posibilidade de ampliar o seu tempo de traballo.

No terreo das melloras tecnolóxicas, a conselleira citou a dotación de 34

novas cámaras de vixilancia dos espazos forestais e a incorporación dun helicóptero que transmitirá imaxes e vídeo en tempo real, xeorreferenciadas. No eido da sensibilización, referiuse aos convenios de colaboración con cazadores e radioaficionados para reforzar a vixilancia e alerta de incendios.

Na loita contra os lumes tes moito máis poder do que pensas. Nas túas mans está gozar dos nosos montes, de todos os recursos que nos ofrecen, pero con responsabilidade. Entra en soncortalumes.gal e coñece este novo oficio, responsabilidade de todos.

#SONCORTALUMES

EXTREMA
AS PRECAUCIÓNS NO MONTE E SE VES ALGO SOSPEITOSO, AVISA AOS CORPOS DE SEGURIDADE.

CUMPRE
A NORMATIVA DAS QUEIMAS. SO PODEN REALIZARSE DE DÍA E CANDO AS CONDICIÓNS METEOROLÓXICAS O PERMITAN.

DENUNCIA
CALQUIERA ACTIVIDADE DELITUOSA QUE VEXAS.

RESPECTA
AS MEDIDAS:
• MANTÉN AS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS.
• EVITA O ABANDONO DO MONTE.
• CONTROLA O CRECEMENTO DA BIOMASA NAS TÚAS PARCELAS.

ATENDE
AS CONDICIÓNS METEOROLÓXICAS. LEMBRA QUE OS INCENDIARIOS APROVEITTAN SITUACIÓNS PROPICIAS PARA FACER O MAIOR DANO POSIBLE.


SE VES LUME CHAMA AO **085**

FANTE CORTALUMES

Atopa estes e outros consellos cos que podes axudar a coidar dos nosos montes en soncortalumes.gal

XUNTA DE GALICIA

A colaboración con outras administracións mantense tamén e plásmase en



diversos convenios de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e coas deputacións provinciais para a implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES); co Ministerio de Defensa, para labores de vixilancia e prevención e cos concellos, para traballos de prevención e defensa.

Quizais a faceta máis coñecida de colaboración coa consellería a constitúe o labor continuada no que atinxe á investigación dos **incendios forestais**..


A Unidade de CNP Adscrita á Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha activa colaboración con distintos departamentos da Consellería de Medio Rural, que se ven acentuando nos derradeiros tempos.

A loita contra o lume é un dos obxectivos básicos da Unidade Adscrita, xunto coa protección de mulleres maltratadas, protección do Medio Ambiente, menores en situación de risco e a protección de personalidades e edificios oficiais.

Seguindo as pautas marcadas polo Goberno da Xunta de Galicia no plan anual de defensa contra incendios, **PLADIGA 2018** (Plan de Loita contra Incendios Forestais en Galicia), esta unidade estableceu un plan global de

traballo en materia de incendios, tanto en actividades preventivas, como de investigación, para preservar os nosos bosques do lume.

Este cometido durante todo o ano, potenciándose nos meses especialmente críticos de xullo, agosto, setembro e outubro (campaña de verán) ademais das épocas excepcionais de vagas de lumes.



Así pois, neste marco de actuación preventiva, a Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes encomendou ás distintas Xefaturas desta unidade, diversas **zonas de especial vixilancia**, co obxectivo de prever a aparición de incendios forestais, debidamente coordinados co resto dos Corpos de Seguridade participantes, coa presenza activa de patrullas nas zonas asignadas, así como a investigación de todas as circunstancias que puideran concorrer naqueles lumes que se produciran, identificando e detendo as persoas responsables

Como resumo do traballo levado a cabo pola unidade en materia de investigación de incendios ao longo do ano 2018, a unidade **detivo a un total de 43 persoas como presuntos autores.**



A **loita contra os incendios forestais**, o **furtivismo e marisqueo ilegal** e a **protección do medio ambiente** foron os tres piares que se intentaron manter cun alto grao de atención e de eficacia na resposta por parte do persoal da unidade, sen descoidar a seguridade e protección de edificios e persoas, o patrimonio histórico e cultural, a protección de menores e a prevención e investigación do maltrato e da violencia familiar e de xénero, e mesmo outras como a legalidade urbanística e actividades no medio rural.

Incrementouse notablemente o exercicio das competencias en materia de **protección de menores**, ademais da creación de novos equipos de especialistas que despregarán a súa actividade en todo o territorio galego.

Unha das principais actividades encomendadas á Unidade adscrita do CNP á Xunta de Galicia é a de velar pola protección dos menores no ámbito de toda a Comunidade autónoma.

Para iso os labores que se desenvolven neste campo , entre outras, son as seguintes: detección de situacións de desamparo, abandono, ou malos tratos a menores de idade, mediante labores de prevención e investigación desas situacións. Neste campo é primordial o labor preventivo para evitar o desamparo do menor.

Así, ademais de contactos habituais e fluídos con directores e docentes de centros educativos, garderías, casas de acollida, centros de protección, persoal de servizos sociais e familiares e veciños de familias en situación de risco que nos poidan achegar información sobre esas posibles situacións; de forma habitual levan a cabo actuacións como: Control de absentismo escolar, consumo de alcol e tabaco, salóns recreativos e máquinas de apostas deportivas, prevención da venda e consumo de sustancias estupefacientes, da mendicidade con menores, localización e reintegro de menores, e a realización de informes sobre situacións sociofamiliares, de posible desamparo ou de risco.

Tras o **Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Medio Ambiente, e ordenación do territorio, asinado o 3 de xuño do ano 2010 polo que se regulan e se recollen as actuacións da unidade** relacionadas



con aspectos como a **inspección de augas, a urbanística e a ambiental**, seguiron as actuacións de colaboración coa citada consellería en materias de



inspección ambiental, comprobando que se cumpren as prescricións normativas de protección ambiental e vixilancia de calquera tipo de actividade e instalación que fose susceptible de afectar negativamente ao ambiente de Galicia, **inspección e vixilancia das augas e das súas zonas de protección**, e nas materias da competencia da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** continuaron os apoios en paralizacións, en demolicións e vixilancia ao Patrimonio Histórico.

En materia de **vivenda**, as distintas xefaturas da UPA colaboraron activamente co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) na entrada aos domicilios, logo da oportuna autorización xudicial, nos casos de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias ou resolucións administrativas de desafiuzamento.



**INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO**




Destaca a colaboración coa Consellería de Medio Ambiente en temas de **residuos sólidos urbanos** (RSU), investigación no sector da distribución de


pneumáticos, elaboración dun censo de puntos de *vertidos* incontrolados (PVI), tratamento dos *lodos*, aos residuos de construción e demolición (**RCD**), aos residuos de *plásticos agrarios*, á inspección de *talleres* (control documental e tratamento de residuos), control e vixilancia de *augas*



continentais e costeiras: vertidos industriais, xurros e captacións.

En colaboración **coa Consellería do Medio Rural: feiras e mercados**, inspección do *transporte animal*, residuos de *subprodutos animais* non destinados ao consumo humano (Sandach), establecementos distribuidores de produtos *fitosanitarios*, campañas de controis de venda e transporte da *uva* de vinificación e pataca de semente.





A aparición dun ***brote do Nematodo da madeira do piñeiro, (Bursaphelenchus xylophilus)*** no concello pontevedrés das Neves en novembro do ano 2010, e na prioridade de executar as tarefas de erradicación de tódalas especies susceptibles de ser afectadas polo foco antes da suba das temperaturas, momento no que o insecto vector se activa (un tipo de escaravello que transporta o nematodo), a entón Consellería do Medio Rural iniciou as medidas desenvolvidas ante a detección do brote, para cumprir as esixencias que neste sentido establece a normativa da Unión Europea.

Bursaphelenchus xylophilus, o nematodo da madeira do piñeiro (NMP), é un organismo nocivo de corentena que provoca graves danos nas especies do xénero Pinus sp. e outras coníferas. O seu ataque causa o decaemento súbito das árbores afectadas, producindo unha sintomatoloxía coñecida como


“seca ou marchitamento dos piñeiros”. Provoca danos económicos e ecolóxicos derivados da morte do arborado, e importantes restricións ao comercio de madeira e material de embalaxe naqueles países onde o NMP está presente, o que implica un aumento dos custos de comercialización destes produtos.



O seu vector, o coleóptero cerambícido *Monochamus* spp., é o principal responsable da dispersión natural do nematodo, facilitando ademais a súa supervivencia debido á estreita asociación do ciclo biolóxico de ambos.

A Consellería do Medio Rural publicou no 2011 o decreto polo que se declaraba de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus*, ordenándose as medidas para evitar a súa propagación. Deste xeito, púxose en marcha o labor de control e erradicación deste organismo, incluíndo medidas a tomar por todos os sectores implicados.

As diferentes accións preventivas tomadas pola Xunta para erradicar este brote non só incluíron a vixilancia da eventual presenza do nematodo, senón que tamén se fixo un control máis intenso sobre os envíos de madeira de risco desde Portugal, o que se desenvolveu cos medios propios da Administración Autonómica, entre os que se encontra a unidade que colaborou intensamente coa a realización de numerosos controis nas estradas galegas.



Mapa de afectación do nematodo do piñeiro

Controis do nematodo



Segue sendo unha das actividades principais da unidade a **protección aos nosos menores**. Neste aspecto continuaron os labores de control do **absentismo escolar**, venda de **alcol** e a utilización de menores na **mendicidade**; **busca**, **localización e reintegro de menores fugados**, e control do tráfico minorista e do consumo de **substancias estupefacientes** por menores, en centros educativos, no seu entorno ou noutros lugares de ocio.



Localización e reintegro de menores, fuxidos de Centros de internamento e domicilios familiares.

Realización de informes sobre situacións sociofamiliares, de posible desamparo ou de risco; normalmente solicitados por Fiscalía de Menores ou a Consellería de Política Social. Para iso ademais de solicitar información no núcleo familiar e veciñanza, visítanse os Servizos sociais, centros escolares, servizos médicos encargados da atención do menor, Policía local e outros centros e institucións que nos poidan achegar información para a elaboración do informe.

Ademais dos labores en tema de protección dos menores, tamén se desenvolven algunhas actividades en materia de reforma, como son os:

- Traslados de menores entre Centros de internamento, a Fiscalía ou ao Xulgado de Menores.
- Detencións de menores, por orde de Fiscalía ou Xulgado de Menores, Quebrantamentos de condena, delitos de violencia intrafamiliar, etc.

-Ademais realízanse labores de colaboración coa Consellería de Política Social na elaboración de informes de solicitantes de Pensións non contributivas e da RISGA.


-Tamén en ocasións coa Consellería de Facenda en materias de Abintestatos, (procura de posibles herdeiros de persoas que falecen sen realizar testamento)

Dende a entrada en vigor da Lei 11/2010, de prevención de consumo de bebidas alcólicas en menores de idade, a unidade está levando a cabo, na actividade inspectora das infraccións cometidas nesta materia, durante as fins de semana unha serie de dispositivos por toda a Comunidade Autónoma, co obxectivo de velar polo cumprimento da lei e detectar a venda, consumo e subministro de alcol a menores. Esta actividade tamén engloba o control e inspección da venda/consumo de tabaco de acordo coa Lei 42/2010, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Os grupos de Menores da UPA levaron a cabo durante o ano pasado un total de 5885 inspeccións á

establecementos, das que derivaron un total de 488 denuncias por infraccións á Lei 11/2010 de prevención de bebidas alcólicas en menores de idade.

Do total de denuncias tramitadas, 210 foron á establecementos, pola venda e subministro de alcol á menores de idade, permitir a entrada ou estancia de menores no seu interior, nos casos en que non está permitida e nas



promocións e “happy hours”ou nas ofertas ou promoción á baixos prezos das bebidas alcohólicas que incitan a un consumo abusivo. Tamén as infraccións en tema de carteleira, sobre a sinalización da prohibición de subministro de alcol á menores. Hai que destacar que do total das denuncias tramitadas, 406 foron a menores de idade por consumo de alcol no interior de establecementos ou na vía pública. Todas as denuncias efectuadas foron tramitadas ante a Consellería de Sanidade para continuar co expediente sancionador.

Nestes dispositivos, ademais das denuncias pola infracción da Lei 11/2010, tamén se informou aos propietarios dos locais do seu contido, das actuacións que deben levar a cabo para o seu cumprimento e evitar o consumo de alcol entre os menores de idade. A unidade continuará coas actividades necesarias para velar polo cumprimento da norma.

Igualmente destaca o traballo realizado na detección de **malos tratos non ámbito intra-familiar, educativo e en** centros de acollida daqueles menores en situación de desamparo, e a tramitación de atestados-denuncias e gravación das ordes de afastamento no ámbito da violencia intra-familiar.




Tamén durante o 2018 prestouse especial atención a situacións de malos tratos a maiores ou discapacitados, e continuouse a colaboración coa Consellería, Fiscalía e xulgados na elaboración de informes solicitados, así como os contactos periódicos coa dirección de centros educativos e centros sociais para a captación de información sobre as problemáticas destes colectivos.

Outros obxectivos:

Co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos prestados polos grupos de investigación, o pasado ano continuou a dedicación primordial, durante cada mes, a unha ou varias materias.

Por iso, cada mes, unha vez fixado o obxectivo prioritario, facilítase aos funcionarios toda a normativa sobre a materia, procedementos e actuacións previstas, conseguindo, desta maneira, unha maior especialización, unha ampliación dos coñecementos, e en definitiva unha mellora no servizo.

A unidade continuou co seguimento e especial vixilancia da actividade cinexética: **caza e pesca fluvial, así como os labores de protección do Camiño de Santiago.**



Como en anos anteriores a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, puxo en marcha os

servizos de Control de Calidade Agroalimentaria e Industrias co obxectivo primordial de garantir o cumprimento dos regulamentos comunitarios sobre a circulación dos **produtos vitivinícolas**. Estes controis contaron una vez máis coa colaboración da unidade de cara a vixilancia do transporte e, como consecuencia, o tránsito das partidas de uva de vinificación procedentes das zonas vitícolas galegas e as procedentes doutras comunidades autónomas e de Portugal.

A unidade, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, iniciou no ano 2010 estas campañas de inspección do documento de acompañamento que imponen as disposicións comunitarias para o transporte de uva de vinificación, e que constitúe unha fonte de información moi útil para as autoridades encargadas de velar polo respecto das normas do sector, tanto comunitarias coma estatais.



Como ven sucedendo en anteriores campañas, os obxectivos deste ano foron a inspección de transportes procedentes doutras comunidades autónomas, o control de transportes procedentes de produtores e vendedores radicados en Galicia, e a supervisión de establecementos e puntos de venda de uva de vinificación.

Desde maio do ano 2015 ,a unidade activou a **campaña de control de transportes de leite e derivados** procedentes de Portugal con destino ás

industrias lácteas da comunidade, polo que están activos controis nos pasos fronteirizos, así como nas industrias de destino.




As infraccións máis frecuentes detectadas son a carencia da folia de recollida de gandeiros, a falta de documentación que permita comprobar o tipo de

transporte, a carencia de albarás e do distintivo da letra Q ou alteracións na Carta de Porte Internacional.

A PRAGA DA PATATA. *Tecia solanivora*

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora* Povolny ou *Scrobipalopsis solanivora* Povolny, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015.

A *Tecia solanivora* Povolny é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (European Plant Protection Organization) e no anexo II, parte A, sección I, da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, polo que se considera unha praga de corentena, sometida a regulación, e, polo tanto,



cómpre tomar medidas para a súa erradicación e control.

Pode atacar ás patacas tanto no campo como en almacén. Os adultos son nocturnos e voan distancias curtas. No

campo, poñen os seus ovos no chan ou nos tubérculos ao descuberto. As larvas emerxentes entran en tubérculos e aliméntanse deles construíndo galerías que poden destruír completamente o tubérculo. En almacén poñen os ovos nos tubérculos podendo chegar a provocar danos moi importantes. A fase de pupa pode ter lugar no chan, nas paredes dos almacéns, nos sacos almacenados, etc.

- Utilizar semente libre da praga, certificada e con garantía sanitaria. – Realizar tratamentos fitosanitarios.....
- Eliminar as plantas procedentes de colleitas anteriores
- Queda prohibida a saída das zonas demarcadas dos tubérculos producidos nestas zonas.

A campaña foi considerada como de máxima importancia e interese pola Unidade por mor das consecuencias, económicas e sanitarias, que dela se puideran derivar en caso da súa propagación a outras zonas produtoras de Galicia. Para elo leváronse a cabo diversos controis nas estradas, tanto a vehículos particulares como a transportistas, en zonas tampón e limítrofes dos concellos afectados, dando lugar aos resultados que se reflicten no seguinte cadro.

	Inspeccións	Dispositivos
PATACA	320	39

GRIPE AVIAR. Influenza aviaria

Desde o ano 2015 e principalmente en 2016, detectouse un incremento da circulación do virus da influenza aviaria, na súa maioría do tipo vírico H5N8, en diversos países de UE fundamentalmente en Francia, que afectaba tanto a aves silvestres como domésticas e que en 2017 xa afectou a aves en España, en concreto a aves silvestres en Castela-León e Cataluña e a granxas de patos en Cataluña.

NORMAS BÁSICAS DE BIOSEGURIDAD PARA LA PREVENCIÓN FRENTE A LA INFLUENZA AVIAR



¿En qué consiste la bioseguridad?

Conjunto de medidas que se aplican en todas las explotaciones con el objetivo de evitar la entrada de la enfermedad

Prevención del contacto con aves silvestres



Proteger alimentos y agua, suministrarlos y almacenar en el interior



Uso de telas pajareras o elementos disuasorios



Cubrir ventanas y otros huecos con rejillas

Llegada a la explotación



Entrada a las instalaciones



Salida de las instalaciones

No se debe introducir el vehículo en la explotación



Cambio de calzado o uso de pediluvios



Usar ropa de protección, mascarillas, calzas, etc.



Comenzar las visitas en las naves de aves de menor edad, por ser más susceptibles, y dejar para el final las de más edad.

Quitarse ropa de protección, mascarillas, calzas, etc.



Cambio de calzado o uso de pediluvios



Anotar en el libro de registro nombre del veterinario, fecha y motivo de la visita



Lavado y desinfección de las manos



Evitar en la medida de lo posible las entradas y salidas, ya que éstas aumentan el riesgo

Depositar el material desechable en bolsas o contenedores de residuos



Lavado y desinfección de las manos



Esta situación fai que o risco da entrada do virus en Galicia sexa maior que en anos precedentes, sobre todo vinculado ao risco de transmisión polas aves silvestres, especialmente as aves acuáticas migratorias.

É importante subliñar que o virus H5N8 non é zoonótico, é dicir, só afecta as especies avícolas e non é polo tanto perigoso para a saúde das persoas.

As medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural en resposta ao aumento do nivel de risco en Galicia a partir de 2016, son entre outras:

- Control dos movementos de aves de importación ou internos desde zonas con focos declarados tanto na UE como en España.
- Intensificación do programa de vixilancia en aves silvestres e aves domésticas.

- Coordinación permanente coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, departamento implicado na vixilancia das aves silvestres.
- Contacto permanente co sector avícola, achegando información actualizada da situación e lembrando a necesidade de reforzar as medidas de bioseguridade das granxas, sobre todo evitando o contacto con aves silvestres.
- Censado de currais avícolas familiares en zonas consideradas de risco. Este censado ten unicamente finalidade de coñecemento pola Consellería do Medio Rural da existencia destes currais como medida de protección ante a aparición de casos de influenza aviaria. A continuación engádese:

A Unidade, ao final do mes de decembro do 2017, iniciouse unha colaboración con esta Consellería na campaña de control da gripe aviar, consistente na inspección dos currais de aves domésticas situados en diversos concellos nos que se atopan ríos, humedais, lagoas, etc., susceptibles de ser visitados por aves migratorias. Ademais da actividade inspectora, trátase de informar aos propietarios dos currais da obriga que teñen de inscribilos nos rexistros habilitados. En total suman 35 concellos baixo a supervisión da Unidade nas provincias de : A Coruña 8, Lugo 2, Ourense 5 e Pontevedra 20.

Esta materia foi considerada tamén como de máxima prioridade e interese pola Unidade, debido á posible afectación económica e sanitaria que dela se puidera derivar en caso de epidemia. No mes de decembro leváronse a cabo 2 dispositivos e 2 inspeccións sobre a vixilancia da gripe aviar.

Inspeccions	Denuncias	Dispositivos
895	363	290

En materia de **seguridade** mantense a colaboración, coordinación e intercambio de información con empresas e persoal de seguridade privada que prestan servizo nos diferentes edificios da Xunta de Galicia, así como o apoio e colaboración cos servizos de protección dinámica das demais comunidades autónomas que contan con policía autonómica ou unidades adscritas.

Como **resumo ás actividades desenvolvidas pola unidade ao longo do ano 2018** destaca a súa labor na loita contra o furtivismo, en colaboración cos gardacostas dependentes da Consellería do Mar

A Unidade, ao longo destes derradeiros anos vén colaborando con esta Consellería en actividades de control, inspección e da realización de dispositivos específicos para garantir a normalidade do traballo do sector marisqueiro. Trátase de impedir as actuacións dos




furtivos, tanto na actividade extractiva, como na venda, transporte e distribución, sen as debidas garantías sanitarias, é dicir, fóra da normativa que regula esta importante actividade económica, que vén sendo practicada de forma ilegal e reiterada por persoas que, amparándose nunha situación de insolvencia, arrasan as concesións marisqueiras, causando un prexuízo grave aos profesionais que as explotan legalmente, utilizando, ás veces, incluso a violencia.

Esta colaboración na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal realízase basicamente a través da Xefatura da Unidade Adscrita de Santiago de

Compostela-ERPOL(Equipo de Resposta Policial + o persoal de Gardacostas) e tamén polos equipos de Investigación das distintas sedes das UPAS litorais de Galicia: é dicir Lugo, A Coruña e Pontevedra (máis a Local de Vigo). Esta actividade vense intensificando dende o ano 2010, acadando unha notable eficacia e uns resultados satisfactorios.

É absolutamente necesario salientar a reforma do artigo 335 do Código Penal realizada no ano 2015, para tipificar como ilícito penal as actuacións de furtivismo que causaban grave dano na sostibilidade dos recursos nas zonas de concesión ou autorización marisqueira ou acuícola, que ata o da data unicamente eran perseguibles por vía administrativa.



En canto ao **Grupo de Resposta Policial, ERPOL**, coa súa actividade diaria consolida a súa actuación na loita contra o furtivismo e as demais actividades propias do grupo.

O 27 de xuño do ano 2010 asinouse o **Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Mar para reforzar a seguridade do persoal na loita contra o o furtivismo na comunidade autónoma.**



Durante o pasado ano 2018, como froito da colaboración entre o persoal integrado en "ERPOL" da Unidade de Policía Adscrita e o persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas, establecéronse un alto número de dispositivos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega, coa finalidade de impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire a extracción do marisco, como a venda e distribución ilegal deste.



O traballo da ERPOL na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, deu como resultado a realización de 2582 operativos, 1182 en colaboración con Gardacostas, que se reflicten na detención de 140 persoas e 3409 denuncias realizadas. A unidade ven desenvolvendo unha activa colaboración con distintos departamentos da Consellería do Medio Rural e do Mar, que mesmo se ten acentuado neste último ano, sobre todo no que atinxe á loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal. Establécense un alto número de dispositivos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega, coa finalidade de

impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire á extracción do marisco como á venda e distribución ilegal deste.

Todo os membros da ERPOL se integran nun equipo multidisciplinar en salvamento e rescate acuático que xa ten feito varias intervencións salientables nesta materia, comprobando que a formación recibida resulta axeitada para estas tarefas de auxilio á cidadanía ou de busca de persoas desaparecidas no medio acuático.



En Orde Xeral número 2321 de 21 de setembro de 2018, do Ministerio do Interior, publicouse a lista pola que se concede o ingreso na **Orde do Mérito Policial**, a funcionarios do Corpo Nacional de Policía e persoa allea á Corporación, condecoracións que foron entregadas no día dos Anxos Custodios, o 2 de outubro do 2018.

Acto de entrega de condecoracións en Santiago



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, en virtude do Decreto 152/2018 de 5 de decembro da Xunta de Galicia, presidiu o once de decembro a toma de posesión de Santiago Villanueva como novo director xeral de Emerxencias e Interior, quen dará a substitución no cargo a Luís Menor, tamén presente no acto, e tomou de novo as rendas da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) da Estrada, funcións que deixou fai catro anos para ser delegado do Goberno en Galicia.




A sede do 112 na Estrada integrará os servizos de emerxencias de Garda Civil, Policía Nacional e Unidade Adscrita

En febreiro do 2018 asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior para a integración no Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112), dos distintos servizos de emerxencias e das forzas e corpos de seguridade no CIAE 112, (Unidade de Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia, Policía Nacional e Garda Civil). A idea é garantir unha presenza física mínima para mellorar a coordinación de todos os servizos de emerxencias ao compartir toda a información e reportar os de saídas e chegadas en tempo real.



Ou obxectivo desta iniciativa é garantir unha resposta rápida á cidadanía, grazas a unha activación coordinada e eficaz dous distintos servizos públicos de emerxencia



No verán do ano 2018 membros da Unidade Adscrita iniciaron o seu servizo no CIAE 112, sendo por tanto ou primeiro corpo de seguridade que se integra non 112.

Os funcionarios alí destinados recibirán directamente a información da emerxencia na que deberán intervir. Os seus responsables encargaranse de realizar as mobilizacións correspondente á UPA, e de reportar a información necesaria sobre a resolución da situación para que todos os que interveñan dispoñan da mesma. A integración, polo tanto, comporta

vantaxes tanto para a UPA, que pasará a ter información máis detallada e áxil da emerxencia, ou que lle permitirá actuar de xeito máis eficaz; como para o 112, que pasa a contar persoal de ligazón da Unidade na propio centro e con mellor información de retorno. Todo isto redundará nunha actuación máis coordinada e eficaz ao servizo da cidadanía e serve para atender de una forma rápida, ágil y eficaz una chamada ante unha emerxencia



Outros servizos destacados

Visitas a garderías e colexios



Durante o pasado ano a unidade continuou coas visitas a gardarías e tamén de gardarías ás dependencias da Xefatura. Nelas púidose mostrar aos nenos, o funcionamento en xeral da unidade, e en particular o “uso” dos coches e as motos rotuladas das que descubriron todas as luces e sirenas dispoñibles.

Igualmente, e a solicitude de varios centros escolares, as xefaturas da Unidade impartiron distintas charlas sobre temas que son competencia da unidade como **Investigación e Prevención de Incendios Forestais**, **acoso escolar**, e participou en distintas **exposicións** mostrando os vehículos e materiais utilizados.

Nestas charlas, coloquio mostráronse imaxes e videos relacionados coa laboura policial, tanto sobre a problemática dos incendios forestais e o traballo desenrolado polos funcionarios da Unidade da Policía Nacional adscrita á Xunta de Galicia, asemade mostrouselle os medios empregados nas investigación de incendios forestais levadas a cabo

CHARLAS LUGO

*** IES. RIO CABE. MONFORTE DE LEMOS:**

Día 22 de Febreiro 3º Eso. 11.45 a 12.35 horas. 55 alumnos



*** IES. NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES. AV. RAMON FERREIRO S/N, LUGO**

Día 29 de Xaneiro 2º Eso A y B. 11.45 a 12.35 horas. 40 alumnos.

Día 30 de xaneiro 2º Eso C. 10.25 a 11.15 horas. 26 alumnos.

Día 31 de xaneiro 3º Eso B- 11.45 a 12.35 horas. 29 alumnos

Día 5 de febreiro 3º Eso C. 10.25 a 11.15 horas. 21 alumnos.


Día 6 de febreiro 3º Eso D. 11.45 a 12.35 horas. 25 alumnos.

Día 19 de febreiro 3º Eso A. 10.25 a 11.15 horas 30 alumnos.

Día 20 de febreiro 2º Eso A e D. 11.45 a 12.35 horas. 43 alumnos.

Día 27 de febreiro 1º de la ESO, grupo C e D. 11:45 a 12:35 h. 44 alumnos.

Día 28 de febreiro 1º eso, grupo A e B, de 11:45 a 12:35 h.



*** IES DA TERRA CHÁ, JOSÉ TRAPERO PARDO. CASTRO RIBERAS DE LEA, CASTRO DE REI:**

23 de marzo. 1º ESO. De 11.30 a 12.20 horas. 35 alumnos

5 de marzo 2º ESO. De 12.20 a 13.10 horas. 41 alumnos

6 de marzo 3º ESO. De 11 a 11.50 horas. 32 alumnos.

6 de marzo 4º ESO. De 12.15 a 13.05 horas. 28 alumnos.

19 abril 1º BAC. De 11.30 a 12.20 horas. 39 alumnos.

19 abril 2º BAC. De 11.20 a 13.10 horas. 32 alumnos.

21 de marzo FP Básica. De 11 a 11.50 horas. 17 alumnos.



CHARLAS OURENSE

CIFP PORTOVELLO

Día 05 de abril, Grado Superior de Integración Social (10:30 a 11:30 horas e 12:00 a 13:00 horas). Duas charlas de 50 alumnos cada unha.



CHARLAS SANTIAGO

IES AGRA DE RAÍCES (CEE)

-Día 12 de abril 11:15 horas e 13:15 horas

- Charla para 3º ESO (55 alumnos) na Biblioteca del Centro.
- Charla para 1º BACH y 4º ESO (uns 60 alumnos) en la Biblioteca del Centro.

IES BRIÓN

26 de abril 11.15 a 14:05 -3 charlas para alumnos de 2º ESO

CIFP COMPOSTELA

Luns 9 de abril

-2 charlas, 60 alumnos cada una, 16:30 horas y 18:00 horas



VIGO CHARLAS 2018

*** IES. VALADARES, RÚA CLARA CAMPOAMOR, S/N, VIGO:**

Día 22 de Marzo (4º E.S.O)

75 Alumnos: 12:30-14:10 horas.

*** IES. RICARDO MELLA, ESTRADA VELLA DE MADRID, N.º 177, VIGO:**

Día 20 de Abril (E.S.O, 1º Bachiller, 1º F.P Básica Electrónica, 2º F.P Básica Electrónica e Administrativo, 1º Ciclo Medio Instalacións Telecomunicacións.)

95 Alumnos: 09:00-10:30 horas.

O Grupo de menores da Xefatura de Santiago participou activamente con charlas en distintos centros escolares da súa demarcación sobre Violencia de Xénero.



Entrega de dezasete novos vehículos

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou ao longo do ano 2018 nos actos de entrega de novos vehículos para a Policía Adscrita, especialmente equipados para as labores relativas ao medio ambiente: con sistema 4x4 e kit de recollida de mostras, así como ao traslado de menores

En total foron entregado 6 novos coches para os grupos de menores, un por cada xefatura, e once todo terreos.




Servizos destacados no ano 2018

-Operación Vandabal (I, II, III): Operativos para a investigación de de presuntos delitos contra a Flora e a Fauna (Furtivismo), con 42 persoas investigadas/detidas e 1 vehículo incautado e posto a disposición xudicial momento arroxa un resultado de 42 persoas investigadas/detidas e 1 vehículo


-Operación Clamp: Operativo desenrolado en colaboración coa C.G.P.J (UCDEV), Policía Marítima Portuguesa e Servizo de gardacostas de Galicia. Realizáronse varias entradas e rexistros en depuradoras de 5 partidos xudiciais.



-Operación Concha: Operativos desenrolados dende febreiro ata novembro do ano 2018. Investigáronse Delitos contra a Saude Pública, Tráfico de Xénero corrompido, Organización criminal e Receptación. Levouse a cabo nos Concellos de Ferrol , Meis e Vilagarcía de Arousa.




Distintos dispositivos de busca e rescate de persoas desaparecidas, principalmente no río Ulla continuando a busca dunha persoa desaparecida en decembro do 2017, realizados por Policías del Grupo Erpol.



Redes sociais

A Unidade comezou o ano 2018 a facerse visible a través das redes sociais; en concreto en **facebook**, onde se nos pode visitar, achegar suxestións, realizar denuncias e seguir a nosa actividade .

<https://www.facebook.com/PoliciaXuntadeGalicia/>



Igualmente estamos a traballar na creación dunha pagina web propia que esperamos ter operativa ao longo do ano 2019

<https://policia.xuntagal/gl>



A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exerce as competencias que lle corresponden á Xunta, relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade. Así, a este departamento correspóndelle a planificación e dirección da xestión de riscos; a participación nos programas dos servizos contra incendios e salvamento locais; a xestión da Policía Adscrita, a cooperación coas forzas e corpos de seguridade; e as competencias en materia de casinos, xogos, apostas e espectáculos públicos, entre outros asuntos.

2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, apartado 25, a posibilidade de crear unha policía autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29 da Constitución.

A Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, no seu artigo 37.1, dispón que as comunidades autónomas que o teñan previsto no seu estatuto poderán crear corpos de policía para o exercicio das funcións de vixilancia e protección ás que se refire o artigo 148.1.22 da Constitución, e as demais que lle atribúe a citada lei. No seu apartado 2, o artigo 37, determina que as comunidades autónomas que non fixesen uso das posibilidades previstas no apartado 1, poderán exercer tales funcións de conformidade co establecido no artigo 47 desta lei orgánica.

O artigo 47 da Lei orgánica 2/1986 establece que as comunidades autónomas incluídas no apartado 2 do seu artigo 37, poderán solicitar ao Goberno da Nación, a través do Ministerio do Interior, para o exercicio das funcións previstas no seu artigo 38.1, a adscrición de Unidades do Corpo Nacional de Policía e que as condicións da dita adscrición se determinarán en acordos administrativos de colaboración de carácter específico.

En desenvolvemento do devandito artigo 47, aprobouse o Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, que regula a organización de Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás comunidades autónomas e establece as peculiaridades do réxime estatutario do seu persoal.

Na súa virtude, o 22 de outubro de 1990, instrumentouse o Acordo Administrativo de Colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, adscribíndose unha Unidade do Corpo

Nacional de Policía, por Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991, que no seu artigo primeiro establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio do Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia, dependendo na actualidade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Así mesmo, e consonte á dependencia funcional sinalada, dispónse que durante o tempo da adscrición a unidade policial cumprirá as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia, ante as que renderá contas das súas actuacións.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia vén desempeñando funcións de Policía Autonómica, crescendo na prestación dos seus servizos para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias pola Administración galega, para o que tamén se produce un incremento de efectivos e de distribución territorial.

Na actualidade o Acordo Administrativo de Colaboración, do 22 de outubro de 1990, entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, coas modificacións que resultan da Resolución Conxunta sobre a súa prorroga, do 22 de outubro de 1993, e tamén os acordos sobre nova prorroga, do 17 de outubro de 1996, do 17 de outubro de 1999 e do 16 de outubro de 2002. O último acordo, asinado o 17 de outubro de 2005, o cal venceu no ano 2008, que sigue vixente mentres non se asine un novo acordo entre o Ministerio do Interior e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1.- SECCIÓN DE PROTECCIÓN:

3.1.1.- CENTRO DE MANDO INTEGRADO

3.1.2.- GRUPO SEGURIDADE ESTÁTICA

3.1.3.- GRUPO PROTECCIÓN

3.2.- EQUIPO DE RESPOSTA POLICIAL

3.3.- SECCIÓN DE INVESTIGACIÓN:

3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES.

3.3.2.- GRUPOS PROTECCION VITIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO

3.3.3.- EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN DE LUMES

3.3.4.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL

3.3.5.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL

3.3.6.- OUTRAS ACTUACIÓNS

3.5.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

3.6.- POLICÍA COMUNITARIA



3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade dispón o marco competencial que corresponde ás Comunidades Autónomas respecto das súas Polícías.

No seu artigo 38 recolle que as Comunidades Autónomas, en cuxos estatutos estea previsto crear Corpos de Policía para o exercicio de funcións de vixilancia e protección, ás que se refire o artigo 148.1.22ª da Constitución e as demais que lle atribúe a presente lei, poderán exercer con carácter de propias as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da Comunidade Autónoma.
- b) A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.
- c) A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita.
- d) O uso da coacción en orde á execución forzosa dos actos ou disposicións da propia Comunidade Autónoma.

As devanditas funcións recóllense expresamente no Acordo Administrativo de Colaboración entre o Ministerio do Interior, do 22 de outubro de 1990, e nos subseguintes acordos sobre novas prórrogas, así como na Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991.

Dende esta óptica de crecemento da UPA e consonte á experiencia acumulada, en síntese pódense agrupar as súas actuacións en cinco ámbitos de actividade:

3.1.- Sección de Protección

3.2.- Equipo de Resposta Policial (ERPOL)

3.3- Sección Investigación:

- Medio ambiente natural.
- Incendios forestais.
- Menores.
- Protección vítimas violencia de xénero.
- Patrimonio histórico e cultural.
- Marisqueo ilegal.
- Urbanismo e outras.

3.4.- Xestión técnica e de persoal.

3.5.- Policía comunitaria

A UPA crece na prestación dos seus servizos de xeito paralelo ás novas competencias asumidas polo Goberno galego, circunstancia que determina tanto o incremento dos seus recursos humanos e materiais, como no maior despregamento no territorio da nosa Comunidade Autónoma.

3.1.- SECCIÓN DE PROTECCIÓN:

3.1.1- CENTRO DE MANDO INTEGRADO

Situado na sede da Xefatura da UPA en Santiago de Compostela, realiza as tarefas de coordinación operativa interna de toda a unidade e as de coordinación



das comunicacións co exterior.

Neste Centro de Mando Integrado recíbese a información e os requirimentos dos cidadáns de todo o territorio galego, as transmitidas dende a Policía Nacional e da Central de Emerxencias 112, sen prexuízo das recibidas en virtude da dependencia funcional dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Posteriormente, dende este Centro se transmiten tales requirimentos e a información de que se dispón ás dotacións policiais en servizo, ás xefaturas provinciais e local, a outros operadores policiais e aos servizos administrativos que corresponda da Xunta de Galicia.


3.1.2- GRUPO SEGURIDADE ESTÁTICA

Neste ámbito de actuación intégranse os seguintes servizos:

- Protección estática

Edifícios propios da xefatura da unidade, xefaturas provinciais e xefatura local de Vigo.

- Edifícios administrativos da Xunta de Galicia.
- Parlamento de Galicia.
- Residencia do Presidente da Xunta de Galicia en Monte Pío.



**Edificio de seguridade no
Parlamento de Galicia**

Estes servizos desenvólvense a cotío na sede do Parlamento de Galicia, nos diversos complexos administrativos da Xunta de Galicia, na residencia do presidente da Xunta de Galicia en Monte Pío e nas propias instalacións utilizadas como sedes pola UPA.



Residencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia



Edificio administrativo de San Caetano

3.1.3- GRUPO PROTECCIÓN

A denominada Sección Operativa da UPA centra a súa actividade na prestación de protección dinámica de altas personalidades da Xunta de Galicia e de altos cargos doutras administracións ou persoas que pola súa relevancia precisen desta protección nas súas estadias na nosa Comunidade Autónoma.

3.2.- EQUIPO DE RESPUESTA POLICIAL (ERPOL)

Este equipo posibilita a actuación inmediata da UPA ante calquera situación de conflitividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que requira dunha pronta resposta policial por afectar aos intereses da Xunta de Galicia.

Como estaba previsto o grupo incrementou tanto o número de funcionarios que o integran como as competencias asumidas dedicando especial atención á loita contra o marisqueo ilegal, sempre en apoio e a requirimento da Consellería do Mar (Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Mar para reforzar a seguridade do persoal na loita contra o o furtivismo na comunidade autónoma).






O Grupo de Resposta Policial da (ERPOL) levou a cabo un ***curso de rescate profesional en altura, espeleosocorro e barrancos***, en aras de reforzar a súa preparación e especialización no salvamento e rescate e busca de persoas.



O curso superior de rescate e busca de persoas tivo unha duración de oitenta horas lectivas e consistiu na práctica de busca, rastrexo e rescate de persoas desorientadas, que practican deportes de risco como barranquismo, escalada e espeleoloxía, entre outros; ou persoas que puideran ter sufrido algún accidente transitando por

zonas de difícil acceso, como por exemplo, facendo sendeirismo.





Curso de rescate do ERPOL



3.3.- SECCIÓN DE INVESTIGACIÓN

As actividades de investigación que efectúa a UPA desenvólvense tanto na xefatura da unidade como nas xefaturas provinciais e local, e abranguen tanto os servizos de policía administrativa (inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma) como de policía xudicial (infraccións penais nos ámbitos de medio ambiente, malos tratos intrafamiliares, menores, contra o patrimonio histórico e cultural, etc), derivadas das actuacións administrativas ou por requirimento das autoridades xudiciais ou da fiscalía.

Neste ámbito de actuación intégranse, entre outros, os servizos:

- servizo de atención a vítimas de violencia intrafamiliar e menores
- grupo protección vítimas violencia de xénero
- equipo multidisciplinar de investigación de lumes
- servizo de protección do medio natural
- servizo de caza e pesca fluvial
- servizo de patrimonio histórico cultural
- outras actuacións

3.3.1.- Servizo de Atención a Vítimas de Violencia Intrafamiliar e Menores

Este servizo, en colaboración coa PN tramita atestados por infraccións penais derivadas de malos tratos intrafamiliares e vitimización de menores ou incapaces, así como o incumprimento de ordes de afastamento e de ordes de protección e da vixilancia do seu cumprimento, derivados destes maltratos.

Un gran número destas actuacións realízanse en colaboración e co apoio doutros servizos da administración, cos que se manteñen contactos periódicos a prol da debida coordinación.

Neste eido son especialmente salientables as actuacións da UPA respecto dos menores baixo a tutela ou protección da Xunta de Galicia, por encontrarse en situación de risco ou desamparo, e dos menores infractores da lei penal na execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e no seu regulamento aprobado por Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

3.3.2.- GRUPOS PROTECCION VITIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO

A partires do mes de setembro do 2016, a UPA comezou a facerse cargo das mulleres protexidas asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Nun principio, valorouse o feito de coller un continxente (cupo) asignado de vítimas, pero co fin de causarlles o menor trastorno, esta protección foi sendo progresiva, estimándose o número de mulleres a protexer ata finais do primeiro semestre do ano 2018 , de aproximadamente unhas 250 vítimas.



En cada ocasión que se ten coñecemento de algún suceso relacionado con violencia de xénero, ponse en marcha a maquinaria policial, mediante a:

-Colaboración co CNP nas **chamadas** de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policía de paisano no lugar dos feitos.

-**Atención singularizada** á vítima.

-**Información detallada** (sobre procedementos legais, institucións de apoio e asesoramento, trámites, denuncia, medidas legais, etcétera.).

-De resultar agredidas, traslado ao **centro Asistencial** (se fora preciso).

-Traslado á **Comisaría** para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte **valoración de risco**.

-Recollida dos datos sobre o **agresor** e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.



- Adopción das **medidas de protección** establecidas nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

O inicio da actuación pódese producir de **oficio**, a instancias da **vítima** ou a requirimento de **terceiros**, en calquera das sedes da nosa Unidade. Habitualmente actúase á instancias do servizo de **Emerxencias do 112**, onde se centralizan a maioría das alarmas relacionadas con esta materia. Acto

seguido, dende a Sala operativa da Xefatura de Santiago difúndese inmediatamente esta información ás correspondentes Xefaturas Provinciais e á local de Vigo.

Desta maneira o número de axentes e de medios dedicados á protección de mulleres, irase incrementando ao igual que aumenten as vítimas, para seguir proporcionándolles un nivel óptimo de atención e protección.




CORREOS ELECTRÓNICOS GRUPOS VIOXEN UPA

Santiago	viogen.upa.santiago@xunta.gal
A Coruña	viogen.upa.coruna@xunta.gal
Lugo	viogen.upa.lugo@xunta.gal
Ourense	viogen.upa.ourense@xunta.gal
Pontevedra	viogen.upa.pontevedra@xunta.gal
Vigo	viogen.upa.vigo@xunta.gal

3.3.3.- Equipo Multidisciplinar Investigación de Lumes (EMIL)

O equipo Multidisciplinar de Investigación de Lumes permanente de incendios, que radica na Xefatura da UPA en Santiago de Compostela, ten como principais funcións:

- centralizar a actividade operativa despregada polos distintos equipos de investigación de incendios das xefaturas provinciais e a local de Vigo,
- unificar todos os informes emitidos.
- trasladar as directrices derivadas da participación da UPA nos órganos de coordinación policial da devandita actividade, en concreto, no Comité de Coordinación Policial contra incendios.



Estes servizos préstanse tanto por iniciativa propia como en colaboración coa unidade encargada da defensa contra os incendios forestais, da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

3.3.4.- Servizo de Protección do Medio Natural

A protección do ambiente natural é unha das actividades fundamentais da UPA. Trátase de dar a resposta máis eficaz e eficiente posible para erradicar o incumprimento do amplo espectro normativo que a Comunidade Autónoma galega ten en materia de protección do medio.



É de subliñar a necesaria coordinación coas distintas unidades encargadas da conservación da natureza da Consellería de Medio Rural

3.3.5.- Servizo de Caza e Pesca Fluvial

O control das actividades de caza e pesca fluvial esixe unha presenza permanente da UPA no medio rural. Debe resaltarse que a experiencia

acumulada pon de manifesto nesta actividade un alto nivel de eficacia, tanto polo número de inspeccións practicadas como polo número de actas/denuncias estendidas e tramitadas.

3.3.6.- Outras actuacións

A actividade de investigación esténdese a outras materias suxeitas a actividade de inspección administrativa e infraccións penais, como poden ser a protección do patrimonio, sanidade, hixiene, transportes, gandería, camiños de Santiago, ordenación urbanística, costas, industria, etc. Materias que son desenvolvidas polas unidades das distintas consellerías da Xunta de Galicia.



3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

Na Secretaría Xeral da UPA e nas respectivas xefaturas provinciais e local realízanse actividades que son propias na xestión de recursos tanto humanos como materiais, que permiten o correcto funcionamento e a eficaz prestación do servizo por parte dos funcionarios.

A Secretaría Xeral ten unha importante interacción co resto das seccións, xa que a través desta se canaliza e avalía a información que manexa a UPA e, á súa vez,

se nutre da información xerada nas seccións para a realización das estatísticas, entre outras cuestións.

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

O labor policial, entendido como servizo público, non pode en ningún caso quedar á marxe dos labores asistenciais, humanitarios e de apoio a institucións.

A UPA serve aos intereses e necesidades da cidadanía galega e ás súas institucións; os seus policía traballan a prol da comunidade e cunha actitude proactiva, sempre en aras de acadar un maior nivel de seguridade; coa intención de que se perciba unha continua mellora da seguridade individual polos cidadáns.

A presenza continuada das distintas patrullas da UPA teñen como consecuencia a satisfacción e o recoñecemento da cidadanía galega.

4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

4.1.- XEFATURA

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E XEFATRURA LOCAL

4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

Dende a súa creación en 1991, a xefatura da UPA sitúase en Santiago de Compostela, capital de Galicia e cidade na que se localizan o maior número de edificios administrativos da Xunta de Galicia e as sedes doutras altas institucións da nosa Comunidade Autónoma.

No ano 1994, iníciase o despregamento territorial da UPA coa posta en funcionamento das catro xefaturas provinciais, ampliándose no 1997 coa apertura da sede local na cidade de Vigo.

4.1.- XEFATURA DA UPA

Como xa se comentou a Xefatura da UPA ten a súa sede en Santiago de Compostela, sendo o seu máximo responsable o comisario D. **Fernando Pico López**

A estrutura da xefatura da UPA complétase cun adxunto, como segundo xefe, do que depende directamente o Equipo de Resposta Policial (ERPOL).

Adscrito directamente ao xefe da UPA encóntranse o Gabinete Técnico que realiza todas as tarefas de apoio á xefatura e a xestión informática, e a Secretaría Xeral con labores en persoal, comunicacións, vestiario, armamento e vehículos.

A continuación a xefatura central organízase en dúas grandes áreas de actividade denominadas seccións:

- Sección de seguridade e protección



* protección estática na sede do Parlamento de Galicia, edificios administrativos da Xunta de Galicia, complexo residencial de Monte Pío, e sedes da UPA.


* protección dinámica, mediante a sala de comunicacións e a protección de personalidades.

- Sección de investigación

*Medio ambiente: medio natural e investigación de incendios

*Grupo Familia: violencia intrafamiliar e menores

*Grupo de apoio á sección (Secretaría)





Xefatura da Unidade

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E XEFATURA LOCAL

As catro xefaturas provinciais e a xefatura local de Vigo exercen, dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, as mesmas funcións xa sinaladas nas dúas grandes áreas de actuación, investigación e seguridade/protección.

Como peculiaridade cómpre sinalar que da protección dinámica encárgase sempre o grupo de protección dinámica da xefatura da UPA en Santiago de Compostela.

Esta estrutura da UPA implica o funcionamento de dous sistemas de traballo en canto á supervisión dos servizos e da xestión: territorial (Centro Mando Integrado, protección dinámica, actividades de investigación e xestión técnica e



de persoal) e xefatura local (as restantes actividades).

Así, naquelas actividades de investigación que non implican unha coordinación con outros organismos, como cando se precisan nas actuacións en incendios, as xefaturas funcionan con autonomía.


O artigo 4 do Real Decreto 221/1991, do 22 de febreiro, polo que se regula a organización das Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás Comunidades Autónomas dispón que: *"o ámbito de actuación territorial de cada unidade adscrita será o territorio da correspondente Comunidade Autónoma, agás no relacionado coa protección de altas personalidades e bens inmoables, supostos nos que os membros das unidades continuarán asumindo o exercicio das súas funcións nos eventuais desprazamentos en todo o territorio español"*.

Como consecuencia de tal previsión normativa a Sección Operativa de Protección pode exercer as súas funcións en todo o ámbito territorial do estado español.

Nas restantes actuacións o funcionamento da UPA, cunha única xefatura, exerce as súas funcións de xeito descentralizado nas respectivas xefaturas provinciais e local en Vigo.



Distribución territorial.



XEFATURA	ENDEREZO	Tfno
XEFATURA UPA SANTIAGO	Roma 25/27	981 546 474
	15703- Santiago de Compostela	
A CORUÑA	Avenida do Porto 5	881961000
	15006- A Coruña	
LUGO	Ronda Fingoi esq. Avda. Madrid	982 828 515
	27001- Lugo	
OURENSE	Rúa Clara Campoamor, 9-17, baixo	988 241 200
	32002-Ourense	
PONTEVEDRA	Avda Fernández Ladreda 43	886 206 142
	36003 Pontevedra	
VIGO	Rúa Pateira 7- Interior	886 110
	36214- Vigo	881



Xefatura Provincial de Ourense



Xefatura Provincial de Pontevedra






Xefatura local de Vigo



Xefatura Provincial de Lugo





Xefatura Provincial de A Coruña

5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

As escalas e categorías profesionais do persoal da UPA, e os distintivos e emblemas da súa uniformidade figuran no seguinte cadro:

ESCALA SUPERIOR		
		
COMISARIO	COMISARIO PRINCIPAL	
ESCALA EJECUTIVA		
		
INSPECTOR	INSPECTOR JEFE	
ESCALA SUBINSPECCIÓN		
		
SUBINSPECTOR		
ESCALA BÁSICA		
		
POLICIA	OFICIAL DE POLICIA	

A normativa pola que se regula a uniformidade dos membros da UPA é a seguinte:

* Orde do Ministerio de Interior, do 19 de xuño de 1991 pola que se crea unha Unidade do Corpo Nacional de Policía e se adscribe á Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 8 o seguinte: *"A uniformidade da Unidade será a de traballo do Corpo Nacional de Policía, portando sobre a manga dereita da prenda exterior do uniforme un emblema co escudo de Galicia, así como a prenda de cabeza das Unidades Especiais do Corpo Nacional de Policía, que tamén levará o escudo citado"*.

* Orde do Ministerio do Interior do 1 de outubro de 1992 que completa a Orde Ministerial, do 30 de novembro de 1990, para as Unidades Especiais e Servizos Específicos do Corpo Nacional de Policía, que dispón na súa disposición final primeira que se autoriza ao director xeral da Policía para establecer o uso de equipamento persoal, indumentaria complementaria ou uniformidade especial, cando a prestación de determinados servizos así o requira.

* Resolución do director xeral de Policía, do 22 de xullo de 2002, que dispón: *"Os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, poderán utilizar, como uniformidade de traballo, as prendas reguladas na Orde do Ministerio do Interior do 30 de novembro de 1990"*.

6.- DISTRIBUCIÓN DE PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABAJO

6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE

6.- DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL


6.1.- POSTOS DE TRABAJO

A UPA finaliza o ano 2018 con 404 membros pertencentes ás diferentes escalas e categorías do Corpo Nacional de Policía, e que se distribúen na Xefatura da unidade en Santiago de Compostela, nas catro Xefaturas Provinciais e na Xefatura Local de Vigo. Estes funcionarios en servizo activo obtiveron a súa praza nos sucesivos concursos específicos de méritos.


Persoal da UPA por categorías e xefaturas:

	UPA	Santiago	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Xefe Unidade	1	1					
Adxunto	1	1					
Xefe Provincial	4		1	1	1	1	
Xefe Sección	1	1					
Xefe Local							
Xefe Grupo	9	4	1	1	1	1	1
Xefe Sugrupo	12	6	1	1	2	1	1
Xefe Equipo	23	9	3	3	3	2	3
Personal Op.	353	155	40	35	40	43	40
TOTAIS	404	177	46	41	47	48	45

No seguinte cadro amósase a **evolución dos recursos humanos da UPA**:



Distribución por xefaturas:



Na actualidade o déficit de persoal afecta a todas as categorías, pero de xeito especial, á executiva e de subinspección.


A inexistencia dun maior número de xefes de grupo –inspectores– e de xefes de subgrupo –subinspectores–, que son peza fundamental na dirección, mando e organización dos servizos de toda unidade policial, debe intentar corrixirse nun futuro inmediato.

Por outra banda a UPA carece de funcionarios para labores administrativos e de apoio, o que implica que funcionarios policiais realicen tales funcións en vez das operativas que lle corresponden.

6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE

Coas últimas incorporacións do ano 2013, nas que se cubriron prazas en todas as categorías, e tendo en conta as baixas do ano 2018, hai 53 mulleres na UPA.

Como consecuencia da incorporación de novo funcionariado neste último ano, a **idade media** do que ten a unidade descendeu a 43 anos.



7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

7.1.- POLICÍA XUDICIAL

7.2.- MENORES DESAPARECIDOS

7.2.1. COLABORACIÓN DA UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA COA CONSELLERÍA DE SANIDADE

7.2.2- POLICÍA ADMINISTRATIVA

7.2.3. INFORME PLADIGA

7.2.4. OUTRAS ACTIVIDADES EN DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE

7.2.5. EQUIPO RESPUESTA POLICIAL (ERPOL)

7.3.- POLICÍA DE SEGURIDADE

7.3.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

7.3.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

7.4.- APOIO A INSTITUCIÓN

7.5.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE

7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

Como continuación ás memorias de anos precedentes preténdese neste punto ofrecer unha perspectiva da evolución experimentada polo traballo da UPA durante o ano 8. A tal efecto valóranse os datos estatísticos mensuais acumulados diferenciando segundo sedes da UPA, a Xefatura en Santiago de Compostela, as catro provinciais e a local de Vigo.


Tendo en conta que as funcións a desenvolver pola UPA son as previstas no artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corps de Seguridade, os datos estatísticos que se presentan, reflicten, sobre todo, aspectos propios dunha policía administrativa, aínda que tamén se fai mención dalgunhas funcións propias de policía xudicial.

A estatística elaborada é resultado da cuantificación acumulada mensualmente no ano 2018 e comprende os parámetros que a continuación se reflicten.

ACTIVIDADE UPA

No seguinte cadro reflíctese toda a actividade realizada pola UPA no pasado ano 2018 diferenciada por incidencias rexistradas, tanto en materia administrativa como xudicial (atestados policiais).

Incidencia	UPA	Santiago	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Atestados	90	27	4	6	35	11	7
Auxilio Humanitario	107	16	22	4	27	15	23
Av.Domicilio	33	1	1	4		27	
Colaboracións	1368	44	403	76	207	196	442
Comisos	7343	7001	229		28	20	65
Contactos/Entrevistas	5536	1009	2114	9	591	625	1188
Contras	62286	10850	24552	5364	9362	8168	3990
Custodia	301		278	5	16	2	
Denuncias	13223	5140	1733	1442	1525	1800	1583
Detidos/Imputados	255	165					
Dispositivos	28803	7398	3814	3616	3892	5258	4825
Esclarecidos	245	183					
Fuga	215	12	45	97	55	1	5
Identificacións	39274	17240					
Inf.Placas	37585	12142					
Informes	8383	623					
Inspeccións	61973	19550	7447	7405	8372	9221	9978
Menor Recuperado	96	10	22	12	25	8	19
Notas Operativas	242				26	80	136
Notificacións	1949	83					
Reintegro	454	30	234	51	46	22	71
Requirimentos	1895	1214	269	34	68	28	282
Traslados	2055	51	580	132	1012	131	149



Cadro das principais incidencias

7.1.- Policía Xudicial

No apartado de policía xudicial, destacan os 90 atestados tramitados e remitidos á autoridade xudicial por diversas materias.

Destacan os 8 tramitados en temas de menores por delitos de quebrantamento da orde de custodia, fuga de centros de internamento, contra as relacións familiares e malos tratos intrafamiliares, **54 en materia de incendios forestais** (Lei 3/2007 Incendios Forestais Lei 43/2002 Montes), 8 en materia de urbanismo, 7 en violencia de xénero, entre outros.

A tramitación dos atestados supuxo a **detención/imputación de 271** persoas, a maioría deles por temas de incendios forestais, menores, seguridade e relacionados coa actividade do furtivismo.

Detidos/Imputados	255
Furtivismo	140
Incendios	43
Menores	11
Saúde Pública	1
Seguridade	28
Violencia Intrafamiliar	2
Violencia Xénero	30

Sinalar que se facilitan ás respectivas Comisarías da Policía Nacional as copias dos atestados tramitados.

7.2.- Menores

Ao longo do ano realizáronse un total de **2055 traslados de menores** por diferentes motivos (reintegros a centros de menores, fiscalía, requirimento de PN, colexios, visitas médicas), no que destacan as xefaturas provinciais de Ourense con 501 e A Coruña con 201.

7.2.1. Colaboracións da Unidade de Policía Adscrita coa Consellería de Sanidade.

Unha das principais actividades encomendadas á Unidade adscrita do CNP á Xunta de Galicia é a de velar pola protección dos menores no ámbito de toda a Comunidade autónoma.

Para iso os labores que se desenvolven neste campo son as seguintes:

Detección de situacións de desamparo, abandono, ou malos tratos a menores de idade, mediante labores de prevención e investigación desas situacións. Neste campo é primordial o labor preventivo para evitar o desamparo do menor.

Así, ademais de contactos habituais e fluídos con directores e docentes de centros educativos, garderías, casas de acollida, centros de protección, persoal de servizos sociais e familiares e veciños de familias en situación de risco que nos poidan achegar información sobre esas posibles situacións; de forma habitual levan a cabo actuacións como:

- Control de absentismo escolar, vixiando durante o horario de clases, os establecementos e zonas de lecer e esparexemento para evitar a estancia dos menores. Tamén se contacta cos Directores de todos os centros escolares para detectar aos menores absentistas.
- Control do consumo de alcol e tabaco por menores de idade. Desde a entrada en vigor da Lei 11/2010, de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade, por parte do grupo de menores está a levarse a cabo un control intensivo para o cumprimento desta normativa, sobre todo en lugares de movidas nocturnas, para evitar o consumo destas sustancias polos menores.
- Control de salóns recreativos e máquinas de apostas deportivas, para evitar a estancia e participación de menores no xogo e apostas con diñeiro.

- Prevención da venda e consumo de sustancias estupefacientes por parte de menores de idade, establecéndose para iso dispositivos nas inmediacións dos centros educativos e lugares de lecer e esparexemento.
- Prevención da mendicidade con menores, esta é unha actividade practicamente erradicada na nosa Comunidade debido á constante vixilancia á que foi sometida nos últimos anos, sendo residuais os casos detectados nos últimos meses. Con todo continúanse cos labores de prevención para evitar un repunte nesta actividade delituosa.
- Localización e reintegro de menores, fuxidos de Centros de internamento e domicilios familiares.
- Realización de informes sobre situacións sociofamiliares, de posible desamparo ou de risco; normalmente solicitados por Fiscalía de Menores ou a Consellería de Política Social. Para iso ademais de solicitar información no núcleo familiar e veciñanza, vístanse os Servizos sociais, centros escolares, servizos médicos encargados da atención do menor, Policía local e outros centros e institucións que nos poidan achegar información para a elaboración do informe.

Outras actuacións relacionadas con menores	2014	2015	2016	2017	2018
Custodias	220	236	263	147	301
Detidos/Investigados	18	14	14	11	11
Identificacións	6691	6716	5928	5359	4818
Informes	1356	1294	2424	2375	2497
Reintegros	123	135	165	181	199
Traslados	1115	1075	1154	1235	2055
Pensións non Contributivas	110	117	116	98	84

Ademais dos labores en tema de protección dos menores, tamén se desenvolven outras actividades, como son os:

- Traslados de menores entre Centros de internamento, a Fiscalía ou ao Xulgado de Menores.
- Detencións de menores, por orde de Fiscalía ou Xulgado de Menores, quebrantamentos de condena, delitos de violencia intrafamiliar, etc.
- Labores de colaboración coa Consellería de Política Social na elaboración de informes de solicitantes de Pensións non contributivas e da RISGA.
- Informes para a Consellería de Facenda en materia de ab intestato, (procura de posibles herdeiros de persoas que falecen sen realizar testamento).

Actividade policial en materia de venda alcol e tabaco á menores.

Con motivo da entrada en vigor da **Lei 11/2010, de prevención de bebidas alcólicas aos menores de idade**, por parte da **Unidade da PN, Adscrita á Xunta de Galicia**, estanse a levar a cabo diversos dispositivos policiais por toda a Comunidade Galega, para velar polo cumprimento desta e previr o consumo deste tipo de bebidas polos menores de idade.

No cadro adxunto, achéganse os datos estatísticos referidos as actuacións da Unidade Adscrita en materia de venda e consumo por menores de idade de alcol e tabaco durante o exercicio de 2018. Tamén se fai referencia á comparativa de datos con anos anteriores

Tabaco/ alcol/ estupefacientes	2014	2015	2016	2017	2018
Dispositivos	186	111	1090	1358	1615
Inspeccións locais	5253	5121	5617	6590	5885
Denuncias venda alcol	476	227	271	229	210
Denuncias consumo alcol	335	312	395	406	278
Denuncias venda tabaco	155	72	126	38	30
Denuncias consumo tabaco.	82	68	24	38	25
Denuncias estupefacientes	-	30	39	21	8

No cadro arriba referido pódese apreciar que as denuncias por venda de tabaco a menores de idade son inferiores ás que se realizaron en 2017, isto é debido principalmente ao aumento, ano tras ano, de inspeccións en locais o que provocou que estes se adecuasen á normativa vixente

Esta actividade tamén engloba o control e inspección da venda/consumo de tabaco de acordo coa **Lei 42/2010, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.**

Nestes dispositivos controláronse numerosos establecementos da “movida nocturna”, esencialmente locais de lecer, tales como bares, pubs e discotecas, así coma tamén en supermercados e tendas 24 horas (establecementos expendedores de alcol), para previr a venda e subministro de alcol á menores. Tamén se interviron nas concentracións de mozos nas vías públicas, para controlar e evitar o consumo de alcol polos mesmos.

Nos dispositivos que se desenvolveron durante o pasado ano 2018, efectuáronse **5885 inspeccións** en establecementos.

Como resultado desta actividade, tramitáronse **551 denuncias, 488** por infraccións á **Lei 11/2010** sobre venda/ consumo de alcol por menores, e **55 á Lei 42/2010**, de tabaco.

Do total das denuncias tramitadas a establecementos, 210 foron pola venda e



subministro de alcol á menores de idade; por permitir a entrada ou estancia de menores no seu interior, nos casos en que non está permitida e, nas "happy hours", ou nas ofertas de promoción, a baixos prezos, de bebidas alcólicas, que incitan a un consumo abusivo. Tamén inclúe ás infraccións en tema de cartelería, sobre á sinalización da prohibición de subministro de alcol á menores.

Hai que destacar que do total das denuncias tramitadas, 278 foron á menores de idade por consumo de alcol, tanto no interior de establecementos ou ben na vía pública.

Sinalar que das 55 denuncias por venda/consumo de tabaco, 30 corresponderían a irregularidades en establecementos e 25, a persoas sorprendidos consumindo.

Nº VEHÍCULOS MENORES	PERSOAL MENORES	QM. PERCORRIDOS	HORAS POLICÍAS ADICADAS
6	24	191566	38880

7.2.1.1 Grupos de protección vítimas de violencia de xénero UPAP

A partires do mes de setembro do ano 2016, comezou a Unidade a facerse cargo das mulleres protexidas asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

En cada ocasión que se ten coñecemento de algún suceso relacionado con violencia de xénero, ponse en marcha a maquinaria policial, mediante a:

- Colaboración co CNP nas **chamadas** de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policías de paisano no lugar dos feitos.

- Atención singularizada** á vítima.

- Información detallada** (sobre procedementos legais, institucións de apoio e asesoramento, trámites, denuncia, medidas legais, etcétera.).

- De resultar agredidas, traslado ao **centro Asistencial** (se fora preciso).

- Traslado á **Comisaría** para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte **valoración de risco**.

- Recollida dos datos sobre o **agresor** e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.

- Adopción das **medidas de protección** establecidas nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

O inicio da actuación pódese producir de **oficio**, a instancias da **vítima** ou a requirimento de **terceiros**, en calquera das sedes da nosa Unidade. Habitualmente actúase á instancias do servizo de **Emerxencias do 112**, onde se centralizan a maioría das alarmas relacionadas con esta materia. Acto seguido, dende a Sala operativa da Xefatura de Santiago difúndese

inmediatamente esta información ás correspondentes Xefaturas Provinciais e á local de Vigo.

Por outra banda, no mes de xullo de 2016, nas distintas sedes da Unidade Adscrita, activáronse os soportes informáticos, creándose os Grupos de UPAP, actualmente con 13 Policías dedicados en exclusiva ás vítimas. Ademais, en apoio a estes Grupos, a Unidade conta con 8 Policías dedicados a labores de coordinación e 66 axentes uniformados en vehículos rotulados os cales prestan servizo a quendas, as 24 horas do día, durante os 365 días do ano.

Desta maneira o número de axentes e de medios dedicados á protección de mulleres, irase incrementando ao igual que aumenten as vítimas, para seguir proporcionándolles un nivel óptimo de atención e protección.

PERSONAL DEDICADO Á VIOXÉN				
Upa	EQUIPOS VIOXÉN	PERSONAL APOIO	PERSONAL DE COORDINACIÓN	TOTAL
SANTIAGO	3	11	3	17
A CORUÑA	3	11	1	15
LUGO	2	11	1	14
OURENSE	1	11	1	13
PONTEVEDRA	2	11	1	14
VIGO	2	11	1	14
TOTAL	13	66	8	87*

*O número de axentes dedicados a VIOXÉN irase incrementando a medida que se vaian asignando máis vítimas de violencia de xénero.

DATOS ESTADÍSTICOS DO 2018.

No que respecta aos datos estatísticos que se reflicten no cadro adxunto, durante o ano 2018 o número de vítimas que tiveron protección policial foron un total de 615, entre as que se manteñen activas no sistema de protección, as que se inactivaron por cese das circunstancias que motivaban o risco e as que foron trasladadas a outros corpos de seguridade por cambio de domicilio da vítima.

Durante o ano, o número de **vítimas activas** no sistema de protección variou dende as 240 cas que comezou xaneiro ata as **272 mulleres protexidas por esta unidade a 31 de decembro de 2018.**

Faise necesario sinalar que pode darse o caso de que unha muller sexa vítima de varios agresores ou un só autor teña agredido a varias mulleres.

MULLERES PROTEXIDAS NO 2018				
SEDES UPA	ACTIVAS NO SISTEMA DE PROTECCIÓN	TRASLADADAS A OUTROS CORPOS DE SEGURIDADE	INACTIVAS NO SISTEMA DE PROTECCIÓN	TOTAL
SANTIAGO	31	9	14	54
A CORUÑA	91	7	37	135
LUGO	33	3	17	53
OURENSE	30	4	16	50
PONTEVEDR	13	5	12	30
VIGO	74	29	190	293
TOTAL	272	57	286	615

ACTUACIÓNS POLICIAIS VIOXÉN 2018		
UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA		
CONTACTOS COA VÍTIMA		5238
CONTROIS DO ENTORNO	DA VÍTIMA	32445
	DO AGRESOR	2057
INFORMES DE AVALIACIÓN DO RISCO DA VÍTIMA		1895
NOTIFICACIÓNS XULGADO/FISCALÍA		1805
DETIDOS		30
IDENTIFICACIÓNS		907
TOTAL DE CHAMADAS RECIBIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (VIOXÉN)		1865

7.3.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

As actuacións da UPA na súa función de "*inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita*", supuxeron a práctica de **61973 inspeccións** e deron como resultado a tramitación de **13223 Actas/denuncias**.

Os eidos nos que se realizan estas actuacións abranguen sectores tan variados como a **protección de menores, protección do medio natural, a sanidade animal, sanidade vexetal, transportes, urbanismo, saúde pública, furtivismo, verteduras, vertedoiros, gandería, etc.** E, en particular, o control da actividade de tinturarias, talleres e a xestión dos seus residuos; a inspección de establecementos comerciais de produtos fitosanitarios, transporte de gando e protección do patrimonio,

Dentro dos grupos de investigación destaca o traballo desenvolvido polos distintos grupos adicados aos labores de prevención e investigación de incendios forestais na UPA, labores desenvolvidas no só durante a vixencia do PLADIGA, senón durante todo o ano.



7.3.1. Informe PLADIGA

Continuando o labor desenvolvido nos últimos anos na loita contra os incendios forestais que se recolle no plan INFOGA, o Consello da Xunta deu o seu visto e praxe á edición de 2018 do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2018). O documento ten por obxecto “o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos” previstos por diversas administracións públicas e entidades privadas para a loita contra os lumes nos montes.




O Plan prevé cada ano, a colaboración específica do persoal da UPA en tarefas, tanto relativas á prevención de lumes, como á posterior investigación deles, de xeito que se poidan deter as persoas que aparezan como as súas autoras.

A Unidade da Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha activa colaboración con distintos departamentos da Consellería de Medio Rural e do Mar, que se ven acentuando nos derradeiros tempos.

A loita contra o lume é un dos obxectivos básicos da Unidade Adscrita, xunto coa protección de mulleres maltratadas, protección do Medio Ambiente, menores en situación de risco e a protección de personalidades e edificios oficiais.

Seguindo as pautas marcadas polo Goberno da Xunta de Galicia no plan anual anti-incendios PLADIGA 2018, esta Unidade policial estableceu un plan global de



traballo en materia de incendios, tanto en actividades preventivas, como de investigación, destinados a preservar os nosos bosques do lume. Este cometido se desenrola ao longo de todo o ano, potenciándose nos meses especialmente críticos de xullo, agosto, setembro (a "campaña de verán") ademais das épocas excepcionais de vagas de lumes.

Así pois, nun marco de **actuación preventiva**, a Secretaría Xeral de Montes encomendou ás distintas Xefaturas desta unidade, diversas zonas de especial vixilancia, co obxectivo de prever a aparición de incendios forestais, sempre debidamente coordinados co resto dos corpos de seguridade

participantes, coa presenza activa das patrullas nas zonas asignadas, así como a **investigación** de todas as circunstancias que puideran concorrer naqueles lumes que se produciran, identificando e detendo aos seus autores.

A **Unidade Territorial de Intelixencia** (U.T.I.), ven procedendo tódolos anos a un exhaustivo análise das motivacións e causas dos lumes co fin de axudar á súa prevención, así como á detención dos autores.

O número de incendios forestais e inversamente proporcional ao número de expedientes administrativos por infraccións/neglixencias, non respectar franxas de seguridade, queimas prohibidas, queimas sen garantías de seguridade, etcétera...

Do análise dos incendios pódese determinar que o patrón de incendiarios non varía sobre o dos outros anos.





Constátase que o máis efectivo na actividade de prevención na loita contra os lumes forestais é recompilación de información, a concienciación cidadá e a supervisión e control de tódalas queimas. Todo isto posibilita que, ao longo dos anos, a tendencia do número de incendios camiñe á baixa.

Operativamente estamos cambiando a filosofía de prevención, pasando dunha prevención tradicional, pasiva, a unha prevención proactiva, cambiando os recorridos rutineiros para incidir basicamente nunha labor de información, concienciación das medidas de seguridade pertinentes nas queimas controladas, o control rigoroso do cumprimento da prohibición de estas queimas cando así o decreta a Consellería e os expedientes administrativos por incumprimento da normativa de seguridade.

1.-FASES DE ACTUACIÓN.

1.1.-FASE PREVIA.

A fase previa iníciase coa reunión do Comité Integrado de Prevención de incendios de Galicia (CIPIG) na sede da D.X. de Defensa do Monte, determinando, posteriormente, as parroquias de alta actividade incendiaria (P.A.A.I.), que afectan aos Concellos asignados á Unidade Adscrita durante a Campaña de Verán 2018:

PROVINCIA	CONCELLO	P.A.A.I.
P. A. A. I.	ACORUÑA	BOIRO
		BOIRO (SANTA BAIA)
		LOUSAME
		TÁLLARA (SAN PEDRO)
		PORTO DO SON
		RIBASIEIRA (SAN PEDRO FÉLIX)
	OURENSE	BOBORÁS
		XURENZÁS (SAN PEDRO)
		O CARBALLIÑO
		LOBÁS (SANTA OUXEA)
		MELÓN
		QUINS (SANTA MARÍA)
		PIÑOR
		A CORNA (SANTA MARÍA DO DESTERRO)
		SAN CRISTOVO DE CEA
		VALES (SAN PEDRO)
		COVAS (SANTA MARÍA)
		MACEDA
		CASTRO DE ESCUADRO (SANTA BAIA)
		PADRENDA
		PADRENDA (SAN CIBRÁN)
		VILAMARÍN
		VILAMARÍN (SANTIAGO)
	PONTEVEDRA	PONTEAREAS
		PADRÓNS (SAN SALVADOR)
		O PORRIÑO
		BUDIÑO (SAN SALVADOR)
		PONTELLAS (SANTIAGO)
		CALDAS DE REIS
		SAIAR (SANTO ESTEVO)
		POIO
		POIO (SAN XOÁN)

1.2.-FASE CRÍTICA (PLADIGA 2018).

Existen en todas as sedes da Unidade do CNP Adscrita á Xunta de Galicia equipos permanentes de investigación de incendios, coa case exclusiva finalidade de dedicarse a traballar en materia de incendios forestais.

As esixencias de investigación nesta materia veñen marcadas polo Plan reitor que estableceu a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte e que se reflicte no Pladiga 2018.

Chegada a campaña de verán, o período máis virulento de incendios, os esforzos se concentraron nos concellos asignados, e dentro deles, especialmente nas "Parroquias de Especial Vixilancia" (P.E.V: ou lugares con concentración lumes agregados de superficie, por riba da media) ou "Parroquias de Alta Actividade Incendiaria" P.A.A.I., distribuíndose as zonas de actuación policial co resto das FF. e CC. de Seguridade do Estado.

Así pois, para a campaña de verán do presente ano, os concellos os concellos asignados a esta Unidade Policial, quedaron como seguido se detalla:

SEDE UPA	CONCELLOS ASIGNADOS A CADA SEDE	TOTAL
SANTIAGO	A Baña, A Pobra do C., Ames, Boiro, Boqueixón, Brión, Dodro, Lalín, Negreira, O Pino, Oroso, Lousame, Padrón, Porto do Son, Rianxo, Silleda, Rois, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.	22
A CORUÑA	A Laracha, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.	10
LUGO	Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, O Corgo, Outeiro de Rei, Pol, Rábade, Ribeira de Piquín, Riotorto, Vilalba e Xermade.	17
	A Merca, A Bola, A Peroxa, Allariz, Amoeiro, Arnoia, Avión, Barbadás, Baños de Molgas, Beade, Beariz,	

OURENSE	Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Cenlle, Celanova, Coles, Cortegada, Esgos, Gomesende, Leiro, Maceda, Maside, Melón, Nogueira de Ramuín, O Irixo, Paderne de Allariz, Padrenda, Pereiro de Aguiar, Piñor, Pontedeva, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén, Vereá, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.	46
PONTVEDRA	A Illa de Arousa, Barro, Cambados, Catoira, Caldas de Reis, Meis, Meaño, O Grove, Poio, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilaboa e Vilanova.	15
VIGO	Mondariz, Mos, O Covelo, O Porriño e Ponteareas.	5
TOTAL CONCELLOS ASIGNADOS Á UPA		115

O resto dos Concellos encoméndanse ao CNP nos que hai Comisaría (capitais de provincia e cidades mais importantes) e á Garda Civil, quedando o reparto da seguinte maneira:

UPA	CNP	GARDA CIVIL
115 (36,6%)	14 (4,5%)	185 (58,9%)

2.2.2- EFECTIVOS POLICIAIS DURANTE O PLADIGA.

En canto aos efectivos dedicados á investigación/prevenición de incendios nos derradeiros anos quedou:

PLADIGA 2018			2013	2014	2015	2016	2017	2018
Efectivos Policiais								
EQUIPO DE INVESTIGACIÓN			32	36	39	39	39	37
EQUIPO DE PREVENCIÓN			94	95	94	94	90	90
INCREMENTO INVESTIGACIÓN	EFFECTIVOS CAMPAÑA DE VERÁN		18	18	16	16	13	11
INCREMENTO PREVENCIÓN	EFFECTIVOS CAMPAÑA DE VERÁN		96	91	94	80	81	81
REFORZOS EMERXENCIA	SITUACIÓN DE		29	25	31	31	37	37
TOTAL EFECTIVOS			269	265	274	260	260	256

Dentro da Unidade da PN Adscrita á Xunta de Galicia, existen en todas as sedes, é dicir, na Xefatura Provincial de Santiago de Compostela, nas 4 capitais de provincia e na sede local de Vigo, equipos permanentes de investigación de incendios, coa case exclusiva finalidade de dedicarse a traballar en materia de incendios forestais, nas dúas vertentes máis importantes: a **prevención** e a **investigación** das causas e do esclarecemento da autoría dos lumes producidos.

Ao longo de ano, a actividade nesta materia flutúa, sendo a época máis crítica o período estival, onde é preciso un esforzo e dedicacións especiais. Así pois, durante a maioría do ano, os equipos de incendios traballaron en toda a Comunidade Autónoma.

Prioritariamente, coas actividades de prevención, se pretende lograr unha maior presenza policial disuasoria en áreas conflitivas, co obxectivo de "sensibilizar" á poboación nesta materia.

En consecuencia, os **Grupos de Prevención de incendios** están compostos por funcionarios/as que prestan unha actividade policial de campo complementaria aos Grupos de Investigación, dedicándose basicamente a previr e a disuadir da actividade incendiaria, realizando, entre outras, as seguintes funcións:

- Vixilancia preventiva nas zonas forestais de especial atención encomendadas no PLADIGA.
 - Contactos cos cidadáns para a captación de información e datos sobre a existencia de posibles sospeitosos, reincidentes, pirómanos, etc.
 - Detectar posibles focos de inicio.
 - Alertar e colaborar cos medios de extinción.
 - Controlar as autorizacións-comunicacións e as normas para a realización de queimas e queimas controladas. Tamén outras actividades que se desenvolven en zona forestal (talas, construción, cambios de cultivo ou de usos, pastoreo ou caza en zonas queimadas).
 - Identificacións selectivas sobre o terreo de cidadáns sospeitosos, chequeo de vehículos e controis semellantes.
 - Resposta rápida para presentarse no lugar dos lumes e realizar labores de axuda aos equipos de extinción e auxilio as persoas (cortes de estradas, auxilio de persoas e outras).
 - Evacuación , o igual que os grupos de Investigación; nas situacións de perigo para as persoas.
- Estes policía actúan uniformados, en coches radio patrulla rotulados.



Dentro dos **grupos de investigación de incendios** de cada unha das sedes da UPA operan policía especializada en investigación en materia de lumes forestais que, entre outras, realizan as seguintes actividades:

-Realización de minuciosas inspeccións oculares, recollida de evidencias e reportaxes fotográficas.



- Identificación e tomas de declaración ás testemuñas presenciais.
- Práctica doutras xestións e obtención de información e probas indiciarias destinadas a complementar a identificación plena da autoría dos lumes.
- Elaboración dos correspondentes atestados e a súa remisión á Autoridade Xudicial.
- Coordinación e contacto permanente cos responsables das Brigadas de Información de Incendios Forestais (BIIF) para o intercambio de información.
- Traslado dos datos de interese recadados ao programa informático da Rede de Información de Incendios (REDIIN) do PLADIGA, etc.

Para estes cometidos, os/as axentes actuarían de paisano, en vehículos camuflados.

1.2.3.-ANÁLISE DE INCENDIOS CAMPAÑA DE VERÁN.

NÚMERO DE INCENDIOS POR ZONA DE DESPREGUE								
	UPA		CNP		GC		Total	
	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017
Xullo	32	129	12	33	46	237	90	399
Agosto	87	286	23	55	211	553	321	894
Setembro	155	81	40	13	281	219	476	313
Outubro	115	-	20	-	215	-	350	-
Totais	389	496	95	101	753	1.009	1237	1.606
%	31,45%	30,88%	7,68%	6,29%	60,87%	62,83%	100%	100%

* Signifícase que, no ano 2018, pechouse a campaña no mes de setembro.

Número de incendios por zonas asignadas aos Corpos e Forzas de Seguridade en Galicia. Comparativa do número de incendios na campaña 2017-2018.

INCENDIOS CAMPAÑA PLADIGA			
	2018	2017	TOTAL*
UPA	389	496	-21,57%
CNP	95	101	-5,94%
Garda Civil	753	1.009	-25,37%
Galicia	1237	1.606*	-22,97%

* A porcentaxe fai mención á variación existente entre o ano 2017 e o 2018, se ben, hai que ter en conta que o PLADIGA 2017 finalizou en setembro mentres que o do 2018 durou ata outubro

3.-ESTADÍSTICA GLOBAL INCENDIOS 2018.

3.1.-CADRO ESTATÍSTICO COMPARATIVO 2017-2018

	2018	2017	%
NUMERO DE INCENDIOS	1645	3249	49,36%
DETIDOS	43	91	-52,74
DENUNCIAS INFRAC. ADMINIST.	2440	1989	22,67

TOTAL PERSOAL UNIDADE	2014	2015	2016	2017	2018
	448	447	435	417	404

Comparativo co total de persoas detidas ou investigadas de Galicia

DETIDOS/IMPUTADOS 2018		
Porcentaxe	U P A	Outros CORPOS
	43	61
	41,35%	58,65%

3.2.-ANÁLISE DAS CAUSAS ORIXINARIAS DOS LUMES.

CAUSAS ORIXINARIAS DOS LUMES 2018		
	Nº LUMES	%
Intencionado	1153	70,09%
Neglixencia	168	10,21
Natural	75	4,56%
Outros	249	15,14%
TOTAL	1645	100%

O apartado de **Neglixencias** engloba causas coma escapes de queimas de restos agrícolas e forestais, queimas de pastos, traballos con maquinaria agrícola, traballos con soldadura ou outra maquinaria en construción ou mantemento de vías de comunicación, fogos pirotécnicos, traballos de apicultura, barbacoas e lumes para cociñar, queimas en vertedoiros, etcétera.



Investigando os incendios forestais



En canto aos **incendios intencionados**, existen innumerables motivacións, sendo as principais as seguintes: relacionadas con piromanía, alcoholismo, cambios de uso do solo, cambios de cultivo, limpeza do monte para caza, escorrentar animais que causan danos nos cultivos, para delimitación de fincas, relacionadas con procesos de concentración parcelaria, de expropiacións para vías de comunicacións, repartición de herdanzas, liortas entre veciños e familiares, vinganzas, forzar postos de traballo na actividade de extinción,

protestar polas limitacións e restricións de actividades dos espazos naturais, etcétera.

A principal **causa natural** orixe de lumes forestais é a caída de raios no monte en tormentas secas no verán.

No apartado de **Outras causas** englobábase incendios debidos a reproducións de outros xa extinguidos, causados por liñas eléctricas, por trens, por causas descoñecidas ou outras sen especificar.

Comparativa de Detidos/investigados anos 2017/2018

2018	INTENCIONADOS	7	16,28%
	NEGLIXENCIA	36	83,72%
	TOTAL	43	
2017	INTENCIONADOS	17	18,68%
	NEGLIXENCIA	74	81,32%
	TOTAL	91	


Comparativa de Detidos/imputados por idades e sexo.

		14-29	30-64	>65	TOTAL
HOMES	2018	2	19	14	35
	2017	7	40	29	76
MULLERES	2018	-	3	4	7
	2017	-	4	4	8
TOTAIS	2018	2	22	18	42 +1 persoa xurídica
	2017	7	44	33	84 +7 persoas xurídicas


Segundo a “Fiscalía Xeral do Estado” no ano 2018 producíronse un total de 316 delitos/investigados a nivel nacional por 555 do ano 2017. Esta diminución debeuse, ó igual que na Comunidade de Galicia, á menor cantidade de lumes forestais ocorridos no ano 2018 con respecto ao 2017 a causa das condicións meteorolóxicas.

2.3.-RELACIÓN INCENDIOS/ EXPEDIENTES AMINISTRATIVOS.

Década 1990/1999	Década 2000/2009	Década 2010/2018
Media anual 9384,6	Media anual 8116,1 (-13,51%)	Media anual 3170,1 (-60,94%)



Nº Sancións



*Constátase que o descenso do número de lumes acaecidos é inversamente proporcional ao incremento da inspeccións/sancións administrativas.

Á vista dos anteriores datos, podemos inferir que a actividade despregada por esta Unidade, tanto no que se refire á prevención proactiva, como a investigación, seguramente está colaborando dunha maneira moi importante na redución do número dos lumes producidos, dada a tendencia a baixa progresiva que se observa nas medias do número de incendios rexistrados nas derradeiras décadas. Tamén, sen dubida algunha, inflúe nesta redución o esforzo despregado pola UPA nas labores de información ao cidadán durante os últimos 20 anos sobre os requisitos para realizar as queimas forestais para que non se produzan escapes, a forma de levar a cabo as plantacións forestais, franxas de seguridade e outras actividades no ámbito do rural, primando as tarefas informativas sobre as punitivas.

Presentación en Santiago do Grupo de Cabalería do CNP



4.-PERFIL DOS DETIDOS/INVESTIGADOS ANO 2018

O perfil dos detidos/investigados por incendio forestal, indican que a orixe da maioría dos lumes segue a ser a imprudencia/neglixencia: **36**, mentres que os dolosos/intencionados só se considerarían: **7**.

Así pois, dentro dos dolosos ou intencionados incluíríamos aos realizados voluntariamente para “limpar” a maleza e restos agrícolas ou, en algún caso, “queimar porque si”, mediante a aplicación directa de lume, sen importar as consecuencias.

Polo que se refire aos imprudentes/neglixentes, a principal causa segue a ser os escapes de queimas **26**; utilización de diversa maquinaria agrícola, **4**; lanzamento de artefactos pirotécnicos **3** e outras causas **3**.

En materia de investigación de incendios, polo que respecta ao resto de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado actuantes nesta Comunidade Autónoma (CNP, Garda Civil, UME...) se realizaron un total de 61 detidos/imputados.

4.-OUTRAS ACTIVIDADES DA UPA RELACIONADAS COS INCENDIOS FORESTAIS 2018.

Se considera que as actividades realizadas polos Polícías asignados aos Grupos de Investigación/Prevención da UPA, ademais do número de detidos/imputados efectuados, poden ter unha gran influencia na curva descendente no número de incendios en Galicia, que se veñen producindo nos últimos 25 anos.

Dentro das denuncias por infraccións administrativas están incluídas:

- ***Queimas irregulares realizadas por particulares*** que deberían haber sido comunicadas/autorizadas pola Administración. Se trataría de detectar queimas sen as preceptivas comunicacións/permisos, abandonalas sen apagar, queimar, a pesares da comunicacións pertinentes, en condicións meteorolóxicas adversas,...etc. No cómputo anual conséntase un descenso no número de denuncias policiais tramitadas para a incoación de expedientes administrativos, dato este que podería indicar unha maior observancia no cumprimento da normativa legal, como consecuencia da labor continuada das patrullas.
- ***Cambios de usos e cultivos:*** Neste eido, se incluírían inspeccións realizadas en zonas anteriormente ardidadas, para impedir que, sen os preceptivos permisos, se faga aproveitamento (forestal, urbanístico, agropecuario...) do solo queimado.
- ***Pastoreo:*** De igual xeito, o pastoreo en áreas ardidadas é unha práctica moi corrente, sobre todo nas zonas con "lumes de montaña", onde se queima o monte baixo, para a rexeneración de pastos. En

consecuencia, faise un seguimento do pastoreo en zonas queimadas, para evitar, na medida do posible, que se continúe realizando este tipo de malas praxes.

- ***Franxas de seguridade:*** Este é outro tipo de actividades preventivas que se veñen realizado, consistente en vixiar o cumprimento da normativa en canto ás franxas de seguridade. Se trata de crear espazos libres de vexetación, a modo de devasas, destinados a impedir a progresión das lapas e que, legalmente, deben respectarse arredor de zonas sensibles, como gasoleiras, urbanizacións e vivendas do rural, servidumes dos tendidos eléctricos, vías de comunicación, traxectos ferroviarios, etcétera.

Por último, como vén sucedendo en campañas anteriores, é de destacar, en xeral, a gran colaboración que seguen prestando os distintos compoñentes dos equipos/brigadas de extinción de incendios da Xunta de Galicia, en todas as actividades de policiais relacionadas coa prevención e investigación de incendios. Tamén, como dato a salientar, cabe citar a sensible mellora nos tempos de resposta dada polos medios de extinción que impediron, en moitos dos casos, que progresaran incendios evitándose danos contra á poboación e vivendas ou que se queimaran superficies sensiblemente maiores.



Así pois, a vista dos datos expostos, poderíamos concluír que a labor inspectora/preventiva policial sobre as actividades ilícitas realizadas por


particulares neste eido, que provocan unha porcentaxe altísima de incendios forestais, que pode constatarase un maior cumprimento da normativa vixente en materia de incendios, o que redunda, necesariamente, nunha tendencia descendente (salvo repuntes puntuais) do número de lumes ocorridos.



Presentación do Grupo de Cabalería do Corpo Nacional de Policía que participou no dispositivo contra incendios de Galicia

7.3.2. Outras actividades en defensa do medio ambiente

7.3.2.1 COLABORACIÓNS DA UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.



A Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia ven desenvolvendo unha activa colaboración cos distintos departamentos da **Consellería do Medio Rural**, que se ten acentuado nos últimos tempos.

Con independencia das labores que o persoal da UPA presta na prevención e investigación de incendios forestais, ou tamén na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, que son sen dúbida aquelas máis coñecidas, tamén cómpre salientar neste eido as actuacións en materia de sanidade e benestar animal, o control de residuos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano); a inspección e control de establecementos expendedores de produtos fitosanitarios; e tamén, neste caso as actividades relacionadas coa praga do nematodo do piñeiro campaña da praga da patata e control da gripe aviar.



1.- Área de sanidade e benestar animal.

Esta área comprende unha serie de actividades de inspección e control da sanidade e benestar dos animais nos transportes (internacionais, estatais e autonómicos).



Estes desprazamentos, normalmente entre explotacións ou ata os matadoiros e feiras, teñen que facerse cumprindo a normativa destinada a garantir as óptimas condicións tanto físicas como sanitarias do gando.

Tamén se supervisan e inspeccionan feiras e mercados de gando, moi abundantes e concorridos ao longo da xeografía galega. Inclúen apoios puntuais ás actuacións do persoal técnico dos servizos veterinarios oficiais (SVO), no desenvolvemento das súas tarefas nestes recintos, nos que se relacionan con tratantes ou feirantes, que ás veces non están de acordo coas obrigadas intervencións dos veterinarios.

A actuación da policía nestes casos pretende ter un carácter preventivo e informativo, pero tamén de control e inspección, ao marxe dos controis oficiais dos propios servizos veterinarios, permitindo que as actividades comerciais e de intercambio se desenvolvan dentro do marco normativo previsto.

	Inspeccións	Denuncias	Detidos/Investigados
Totais	2.463	600	2*

2.- Control de residuos SANDACH.

Trátase de regular a xestión dos subprodutos animais desde o momento en que se xeran ata o seu uso final, valorización ou destrución, que tamén está



regulada, para garantir que durante esta non aparezan riscos para a saúde humana, a sanidade animal ou para o medio natural, e especialmente para garantir a seguridade da cadea alimentaria.




Neste apartado inclúense todas as actividades de inspección e control por parte do persoal da unidade, de contedores destinados a transportar subprodutos animais non destinados ao consumo humano (osos, picos, plumas, pelos, sangue...etc.), que na súa maioría son subprodutos procedentes da industria alimentaria que van destinados a outras empresas do sector alimentario (fabricantes de pensos para cans, por

exemplo), ou tamén para ser entregados a xestores autorizados para a súa destrución.

	Inspeccións	Denuncias
Totais	75	16

3.- Control de produtos fitosanitarios e establecementos de venda.

Os **produtos fitosanitarios** son medios imprescindibles para a produción agrícola, tanto para os sistemas convencionais de agricultura, coma para a agricultura integrada ou a ecolóxica.



Seguindo as instrucións da Consellería, a Policía Adscrita efectúa un control sobre a **venda e uso destes produtos**, fundamentalmente de alta toxicidade, así como o destino final dos envases baleiros que contivesen praguicidas clasificados nas categorías nocivos, tóxicos e moi tóxicos.

Tamén se fiscaliza a **axeitada aplicación** deste tipo de produtos, xa que poden resultar perigosos para a saúde das persoas que os utilizan: precisan unha formación profesional. Tamén a utilización incorrecta que pode ter incidencia para a saúde pública.

Á vista dos **resultados estatísticos**, constátase que se continúa coa labor inspectora, se ben o número de infraccións administrativas verificadas, vai á baixa. Poderíase por tanto concluír que a fiscalización e a labor inspectora realizada nos derradeiros anos contribúe eficazmente á normalización do sector.

A relación de actuacións policiais nesta materia, desenvolvidas ao longo deste ano, figura no seguinte cadro:


11	Inspeccións	Denuncias
Totais	80	19

4.- Control da praga do nematodo do piñeiro.

Por Resolución do 17 de novembro de 2010, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, da Consellería do Medio Rural, declárase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do **organismo de corentena** *Bursaphelenchus xylophilus* (nematodo do piñeiro) e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación. Do mesmo xeito o Decreto 10/2011, de 28 de xaneiro, ordenan medidas para evitar a súa propagación.



A partir do 12 de abril de 2011 comezaron a desenvolverse as actividades de control e inspección de transportes de madeira, con especialísima incidencia na área de Salvaterra de Miño-As Neves, considerada como zona demarcada. Tratábase de controlar por unha banda os transportes de entrada de madeira procedentes de Portugal, pero tamén os de saída desa zona acoutada do sur de Pontevedra.



A actividade inspectora nesta materia concéntrase na zona fronteiriza con Portugal (Sedes UPA de Ourense e Vigo). Despois de anos de control policial conséntase un maior cumprimento da normativa legal tanto no transporte de madeira de pino, como nos palés.

	Inspeccións	Denuncias
Totais	1.731	16



6.- Campaña de control do transporte de Leite e derivados.

No mes de maio de 2015, iniciouse unha campaña de control de transportes de leite e derivados procedentes de Portugal, con destino ás industrias lácteas da Comunidade, activándose controis nos pasos fronteirizos (Sedes UPA de Ourense e Vigo).



As infraccións máis correntes detectadas: carencia folla de recollida de gandeiros, falta documentación que permita comprobar o tipo de transporte, carencia de albaráns, e do distintivo da letra Q, alteracións na Carta de Porte Internacional.

	Inspeccións	Dispositivos
Totais	9	77

8.- CAMPAÑA PRAGA DA PATACA.

Durante este ano 2018 solicitouse pola súa Consellería a colaboración desta Unidade pola presenza da praga da “polilla guatemalteca” (*Tecia Solanivora*) que, en gran medida, afectou a varios concellos do norte de Galicia das provincias da Coruña (asumidos pola Unidade Adscrita) e Lugo (Garda Civil), segundo un acordo establecido nunha xuntanza celebrada na Delegación do Goberno na Coruña.

A mesma foi considerada como de máxima importancia e interese pola Unidade por mor das consecuencias, económicas e sanitarias, que dela se puideran derivar en caso da súa propagación a outras zonas produtoras de Galicia. Para elo leváronse a cabo diversos controis nas estradas, tanto a vehículos particulares como a transportistas, en zonas tampón e limítrofes dos concellos afectados, dando lugar aos resultados que se reflicten no seguinte cadro.

	Inspeccións	Dispositivos
PATACA	320	39

9.-GRIPE AVIAR.

Por outra parte, ao final do mes de decembro do 2017, iniciouse unha colaboración con esta Consellería na campaña de control da gripe aviar, consistente na inspección dos currais de aves domésticas situados en diversos concellos nos que se atopan ríos, humedais, lagoas, etc., susceptibles de ser visitados por aves migratorias. Ademais da actividade inspectora, trátase de informar aos propietarios dos curriais da obriga que teñen de inscribilos nos rexistros habilitados. En total suman 35 concellos baixo a supervisión da Unidade nas provincias de : A Coruña 8, Lugo 2, Ourense 5 e Pontevedra 20.

Esta materia foi considerada tamén como de máxima prioridade e interese pola Unidade, debido á posible afectación económica e sanitaria que dela se puidera

derivar en caso de epidemia. No mes de decembro leváronse a cabo **2** dispositivos e **2** inspeccións sobre a vixilancia da gripe aviar.

Dispositivos	Inspeccións	Denuncias
2	2	39

7.- Outros datos.

Así mesmo salientar tamén se fixeron inspeccións no pasado exercicio do 2017 en materia de:



	Inspeccións	Dispositivos	Denuncias
Curros	4	3	1
Uva	285	134	13

9.- CONCLUSIONES.

Ao longo destes últimos anos se ten incrementado a colaboración que a Unidade de Policía Adscrita presta aos distintos departamentos da Consellería do Medio Rural, do mesmo xeito que o ven facendo asemade con outras Consellerías e departamentos do Goberno da Xunta de Galicia que llelo demandan, en calquera dos ámbitos de actuación suxeitos ao control ou disciplina da Comunidade Autónoma.

No caso concreto desta Consellería de Medio Rural, a prevención e investigación dos incendios forestais, que é con total seguridade na que o persoal da Unidade de Policía Adscrita ven traballando con máis efectivos e con grande eficacia, especialmente nestes últimos anos; os datos comparativos ofrecidos en cada área de actividade, son suficientemente explícitos e amosan que a colaboración da Unidade de Policía Adscrita con esta Consellería, acada unhas cotas moi altas de participación.

Estes datos tamén amosan os efectos correctores que a actividade inspectora e de denuncias de anos anteriores da UPA provoca en distintas áreas, xa que logo cando se observa unha baixa significativa no número de denuncias, significa que o sector vai tomando conciencia do carácter periódico das inspeccións policiais e das posibles denuncias por infraccións nesta materia, e vai axustando as súas actividades aos requirimentos normativos, o que deriva nun menor número de denuncias.

No control do transporte de madeira derivado da actividade de erradicación do **nematodo do piñeiro**, se observa tamén un descenso no número de denuncias. Esta circunstancia deriva de que se cumpre máis a normativa e o persoal policial desenvolve as inspeccións cun carácter moito máis selectivo, baseado na experiencia e na información acumulada de anos anteriores

Ademais no 2018 por parte desa Consellería solicitouse a esta Unidade a colaboración nas materias da praga da pataca e control de aves de currais para evitar a propagación da gripe aviar, iniciándose a primeira no mes de abril e a segunda a finais de decembro, sendo estas actividades de interese prioritario, debido ás consecuencias económicas e sanitarias que poderían derivarse.



7.3.2.2 COLABORACIÓNS DA UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA COA CONSELLERÍA DO MAR.

A Unidade da PN Adscrita á Xunta de Galicia, ao longo destes derradeiros anos vén colaborando con esta Consellería en actividades de **control, inspección e da realización de**



dispositivos específicos para garantir a normalidade do traballo do sector marisqueiro. Trátase de impedir as actuacións dos furtivos, tanto na actividade extractiva, como na venda, transporte e distribución, sen as debidas garantías sanitarias, é dicir, fóra da normativa que regula esta importante actividade económica, practicada de forma ilegal e reiterada por persoas que, amparándose nunha situación de insolvencia, arrasan as concesións marisqueiras, causando un prexuízo grave aos profesionais que as explotan legalmente, utilizando, ás veces, incluso a violencia.

Esta colaboración na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal realízase



basicamente a través da Xefatura da Unidade Adscrita de Santiago de Compostela-ERPOL (Equipo de Resposta Policial + o persoal de Gardacostas) e tamén polos equipos de Investigación das distintas sedes das **UPAS litorais de Galicia**: é dicir Lugo, a Coruña e Pontevedra (máis a Local de Vigo). Esta actividade vense intensificando desde o ano 2010,

acadando unha notable eficacia e uns resultados satisfactorios.

Na presente memoria, referida ao ano 2018, hai que ter en conta que, con anterioridade, esta información era transmitida á Consellería de Medio Rural e do Mar, antes da segregación da **Consellería do Mar**.

Tamén se inclúen neste eido, as actividades policiais relacionadas con **Pesca Marítima**: como no control documental de pescadores a pé ou a flote, con botellas ou a pulmón, talle/cantidade/peso/número das capturas, control das vedas, artes ilegais...etc.

É absolutamente necesario salientar a reforma do artigo **335 do Código Penal** realizada no ano 2015, para tipificar como ilícito penal as actuacións de furtivismo que causaban grave dano na sostibilidade dos recursos nas zonas de concesión ou autorización marisqueira ou acuícola, que ata a data unicamente eran perseguibles por vía administrativa.



Datos estadísticos da loita contra o furtivismo, o marisqueo ilegal e a pesca marítima ilegal.

Polo que respecta aos resultados estadísticos acadados **polos equipos de investigacións** das UPAS das áreas litorais e de Santiago-ERPOL, arrojan os seguintes resultados:

<i>2018</i>	COR	LUGO	PON	VIGO	ERPOL	TOTAL		%
						18	17	
Dispositivos furtivismo	1177	6	1119	284	1734	4320	4074	6,03
Dispositivos en Estradas (Erpol)	-	-	-1	-	848	849	679	25,03
Total Dispositivos	1177	6	1120	284	2582	5169	4753	8,75
Vehículos Rexistrados (Erpol)	-	-	-	-	11538	11538	8607	34,05
Inspeccións	3029	60	2076	893	10575	16633	13138	26,60
Denuncias furtivismo	26	-	9	64	3409	3508	3636	-3,52
Outras Denuncias (*)	-	9	12	7	-	28	50	-44
Total Denuncias	26	9	21	71	3409	3536	3686	-4,06
Detidos	-	-	-	-	140	140	112	25

* Dos 2582 dispositivos realizados polo Grupo ERPOL, 1182 foron en colaboración con Gardacostas. (Dato facilitado polo servizo de Gardacostas).

(*) Outras denuncias: Neste apartado reflíctense as denuncias relativas á pesca marítima, sendo a máis correntes: carecer de permiso de pesca, número indebido de capturas, artes prohibidas, etc.

DATOS ESTADÍSTICOS SOBRE FURTIVISMO-MARISQUEO

CONCELLOS		DISPOSITIVOS	DENUNCIAS	DETIDOS/ IMPUTADOS	INSPECCIÓN
ERPOL	BOIRO	1197	1891	1	6155
	RIANXO	-	-	-	-
	FERROL	946	1190	43	4026
	A POBRA	-	-	-	-
	A CORUÑA	75	150	42	205
	VILAGARCÍA	38	8	21	33
	CEE	22	10	11	16
	NOIA	12	23	-	3
	RIBEIRA	3	35	-	-
	FISTERRA	59	3	3	3
	LAXE	94	15	6	23
	CAMBADOS	59	6	-	6
	PORTO DO SON	23	14	3	27
	MEIS	35	15	6	2
	MUROS	19	49	4	76
A CORUÑA-UPA		1177	26	-	3029
LUGO-UPA		6	-	-	60
PONTEVEDRA-UPA		1120	9	-	2076
VIGO-UPA		284	64	-	893
TOTAIS		5169	3508	140	16633

CADRO XENÉRICO COLABORACIÓNS COA CONSELLERÍA DO MAR.

ACTIVIDADES	2018	2017	COMP. % 2017-2018
Dispositivos	5169	4753	8,75
Controis nas estradas (só ERPOL)	848	679	24,88
Vehículos rexistrados (só ERPOL)	11538	8607	34,05
Persoas denunciadas	3536	3686	-4,06
Persoas detidas/ imputadas	140	112	25
PERSOAL UPA	404	417	-3,11

Servizos relevantes en relación co furtivismo.

-Operación Vandabal (I, II, III): Operativos para a investigación de de presuntos delitos contra a Flora e a Fauna (Furtivismo), levouse a cabo o longo da costa de a cidade de A coruña, concretamente dende o porto exterior ata a Torre de Hércules. A día de hoxe séguense a practicar actuacións por orde do Xulgado de Instrucción Nº 1 de A Coruña. Ata o momento arroxa un resultado de 42 persoas investigadas/detidas e 1 vehículo incautado e posto a disposición xudicial.

-Operación Clamp: Operativo desenrolado en colaboración coa C.G.P.J (UCDEV), Policía Marítima Portuguesa e Servizo de gardacostas de Galicia. Este Operativo desenrolouse entre 13 de marzo ata xuño do pasado ano. O seu Obxectivo foi detectar unha rede de transportistas portugueses que introducían Ameixa recolectada por mariscadores furtivos no estuario do río Sado

en Lisboa, (a cal non era apta para o consumo humano por ter altos Índices de Toxicidade) e a vendían en depuradoras Galegas radicadas polas Rías Baixas. Realizáronse varias entradas e rexistros en depuradoras de 5 partidos xudiciais. Deuse conta o Fiscal de Medio Ambiente destes feitos para que adoptara as medidas pertinentes.

-Operación Concha: Operativos desenrolados dende febreiro ata novembro do ano 2018. Investigáronse Delitos contra a Saude Pública, Tráfico de Xénero corrompido, Organización criminal e Receptación. Levouse a cabo nos Concellos de Ferrol , Meis e Vilagarcía de Arousa.

Arroxou como resultado un total de 43 persoas Detidas/Investigadas e 2 Vehículos incautados.

Conclusiones.

Ao longo destes últimos anos se ten incrementado a colaboración entre a Unidade de Policía Adscrita e a Consellería do Mar, do mesmo xeito que o vén facendo asemade con outras Consellerías e departamentos do Goberno da Xunta de Galicia que llo demandan, en calquera dos ámbitos de actuación suxeitos ao control ou disciplina da Comunidade Autónoma.

No caso concreto desta Consellería é, con total seguridade, na que o persoal da Unidade de Policía Adscrita ven traballando con **numerosos efectivos e con gran eficacia**, especialmente nestes últimos anos, os datos comparativos ofrecidos en cada área de actividade, son suficientemente explícitos e amosan que a colaboración da Unidade de Policía Adscrita acada unhas cotas moi altas de participación.

7.3.2.3 COLABORACIÓNS DA UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Cinguíndonos ás colaboracións desta unidade coa **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, obxecto do presente informe, habería que destacar, entre outras, as actuacións en control de **Produtores e Xestores de Residuos Sólidos**, de **Vertidos Líquidos**, localización e erradicación de **Vertedoiros Ilegais**, inspección e control de **Puntos Limpos** e **Desguaces**, transporte e reciclado de **Aceites Vexetais**, **Caza** e **Pesca**, **Urbanismo**...etc.

En canto ao **ámbito territorial de actuación** das distintas sedes da UPA, significar que a Xefatura da unidade en Santiago abarcaría unha zona do territorio das provincias da Coruña e Pontevedra próximas a Santiago de Compostela; as 4 Xefaturas Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e, a Xefatura Local de Vigo se repartirían o resto don territorio: Lugo e Ourense con ámbito provincial; Pontevedra e Vigo distribuíndose a provincia (que no caso de Vigo comprendería os territorios máis ao sur de Pontevedra).

As actuacións máis destacadas realizadas a longo do exercicio de 2018, desglósanse a continuación.

1.- Produtores de Residuos.


Neste apartado se inclúen un conxunto de actividades encamiñadas a inspeccionar calquera tipo de **industria** que poida producir residuos sólidos ou líquidos de tipo estándar, non NRBQ (nucleares, radioactivos, biolóxicos ou químicos) que necesariamente teñan que ser reciclados a través de xestor/es autorizados e así impedir que poidan ser eliminados/destruídos sen control e, como resultado, poidan alterar ou contaminar seriamente as condicións de

calquera hábitat humano, animal ou natural. Por un lado, trataríase de impedir os vertidos incontrolados e, por último, velar polo cumprimento da normativa nesta materia, tanto a que obriga aos produtores de residuos (pequenos e grandes produtores), como aos distintos xestores.

Poderíamos agrupar as actividades desenvolvidas, nos seguintes categorías ou apartados:

-RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN. INERTES: Rcd.

Nas obras de construción úsanse e xéranse unha serie de residuos sólidos e líquidos (vg. cascallos de pedra, ladrillos e cemento, PVC, fibrocemento, asbestos, uralitas, pinturas, ferralla, asfaltos, etc...). En consecuencia, as obras en construción han de dispoñer necesariamente dun **plan** previo pormenorizado da



producción e eliminación dos residuos. Este material sobrante, sería entregado a **xestores** do ramo autorizados que se farían cargo do reciclado dos mesmos. Así pois a actividade policial se centraría en inspeccionar, controlar e supervisar este tipo de actividades. É unha tarefa recente iniciada, en concreto no ano 2011 e, incluiría o control tanto de **produtores** deste tipo de residuos, basicamente na construción e en obras públicas, como dos **xestores** autorizados para tratar este tipo de residuos. Os inertes incluirían este tipo de residuos, aínda non necesariamente de orixe construtivo.

Inertes inclúe outros residuos, como por exemplo: travesas antigas da vías do tren...

RESIDUOS DOMÉSTICOS OU DOMICILIARIOS: Rd's.



A actividade policial estaría centrada na supervisión da adecuada recollida selectiva de **residuos domésticos** (inclúe os residuos basicamente orgánicos) dos contedores (bolsas e colectores clasificadores: amarelos, verdes e azuis) nos centros urbanos e

o seu correcto traslado ata as plantas de xestores autorizados.

Aínda que non se inclúen no apartado de RSU, hai que destacar o seguimento que se fai dos puntos de acopio de **plásticos agrícolas**, dependentes dos concellos. Así pois, dunha maneira periódica, as patrullas de medio ambiente visitan este lugares espallados por toda a xeografía galega, para comprobar que se cumpre a normativa en canto aos prazos de recollida e a natureza dos residuos almacenados (moi correntemente se utilizan estes puntos de acopio, como vertedoiros ilegais de outros materiais).

-PNEUMÁTICOS FORA DE USO: Nfu.

Nesta actividade se inclúen as xestións encamiñadas a comprobar que as rodas de turismos (non outros vehículos) terminan a súa vida útil nos xestores autorizados (**sistemas integrados de xestión: SIX**).


Como segundo obxectivo, se trataría de impedir posibles defraudacións no pago da **ECOTAXA**. Tamén se prestaría especial atención ás posibles importacións fraudulentas de pneumáticos de ocasión do estranxeiro, sobre todo de Portugal, país que ven sendo utilizado como base de operacións preferente neste sector.

Signifícase que neste campo desenvólvese pola Xefatura Provincial da Coruña un dispositivo especial no Concello de Neda, durante aproximadamente



dous meses, sobre un punto de acopio incontrolado de grandes dimensións destes residuos por mor do perigo de incendio e medioambiental que puidera provocar.

-VEHÍCULOS FÓRA DE VIDA ÚTIL: Vfvu.



Neste eido se trataría de evitar o impacto ambiental negativo que supón o abandono de vehículos en zona forestal ou en zonas nas que se transforme nun elemento contaminante ou nun risco engadido para o inicio ou propagacións dos incendios.

-XESTION DE LODOS.

Baixo este epígrafe se englobarían os lodos precedentes da industria agroalimentaria (lácteas, cervexeiras, conserveiras, etc) e os xerados nas ***Estacións Depuradoras de Augas Residuais: EDARES***. Non incluíría lodos industriais.



Este tipo de lodos, unha vez reciclados, se empregan basicamente para compostaxe, elaboración de solos artificiais ou fertilizantes agrícolas. Así pois, sería necesario fiscalizar a trazabilidade destes residuos dende o produtor, durante o transporte polo xestor, ata que, rematado o proceso, se

verten en terreos ou parcelas previamente autorizadas con fines agrícolas/fertilizantes.

-PRODUTORES/XESTORES DE RESIDUOS (Talleres mecánicos, pequenas industrias...).

Neste apartado se incluírían todas aquelas xestións encamiñadas a inspeccionar e controlar os talleres de reparación de automoción principalmente, e outras pequenas industrias ou outros establecementos produtores de residuos contaminantes (aceites, plásticos, fías, baterías, pneumáticos, etc), para que se cumpra a normativa de almacenado e entrega destes restos aos xestores regulamentariamente autorizados.

Para este obxectivo inspecciónanse os libros oficiais de entrega de residuos, supervísase o lugar provisional de almacenamento e os cumprimentos nos prazos de entrega.

-CONTROL DE ACEITES VEXETAIS.

Este subprograma consiste na realización de inspeccións en centros de restauración de Galicia (restaurantes, centros da Terceira Idade; comedores colectivos; comedores en centros educativos, etcétera) para obter información sobre o destino dado aos residuos de aceites vexetais empregados. Estes necesariamente teñen que valorizarse a través empresas autorizadas para a recollida destes residuos, a cambio do preceptivo albará de entrega.



Complementariamente compróbase, se estas empresas que recollen os residuos de aceites vexetais, dispoñen das preceptivas autorizacións por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (poden ser so transportistas, outros xestores de almacenamento e/ou xestores de valorización).

	Inspeccións	Denuncias
Aceites Vexetais	6	3
Rcd ´s/Inertes/ Perigosos	66	50
Rd ´s/ Rsu	69	43
Nfu ´s	27	4
Vfu ´s	1.545	1396
Lodos	5	1
Produtores/ Xestores	1021	1977
Plásticos Agrícolas	12	20

2.- Vertidos líquidos.

Inclúense neste campo as actividades para inspección e control de vertidos, como substancias líquidas prohibidas ás augas marítimas e continentais (contaminación de augas da liña de costa, lagoas, embalses, augas subterráneas...). Esta actividade implica a recollida de mostras e o seu traslado aos laboratorios da Xunta de Galicia para o preceptivo análise.



Non menos importantes son outras actuacións puntuais que se veñen facendo noutros ámbitos, como no control de substancias líquidas contaminantes, como residuais de redes de saneamento urbanas e polígonos industriais, puríns, xurros ou esterco procedentes de explotacións gandeiras e granxas agrícolas, residuos líquidos da industria alimentaria e outros.

	Inspeccións	Denuncias
Hidráulicos	169	37
Marítimos	12	2
Xurros/Solos/ Outros	43	11

3.- Vertedoiros ilegais.

Baixo este epígrafe, se agrupan una serie de actividades de inspección e localización de vertedoiros ilegais, é dicir, puntos de verteduras incontroladas **(PIV)** de residuos sólidos, en toda a comunidade Autónoma, sobre todo en zona periurbana e forestal.

Esta actividade de localización de residuos foi un obxectivo dende sempre en materia de medio ambiente, pero na actualidade se lle deu un novo pulo, para tratar de realizar un censo actualizado da existencia destes puntos, co propósito de tratar de erradicarlos e recuperar o equilibrio medioambiental.

En total se localizaron/inspeccionaron **1460** puntos incontrolados de vertido de residuos incontrolados, denunciándose **1199** deles. A gran maioría conteñen residuos mesturados, se ben, tratamos de agrupalos segundo os residuos predominantes: RCD, RSU, NFU e outros tal como se reflicte no esquema das actuacións máis destacadas que segue:

	Inspeccións	Denuncias
RCD's	546	328
Rd's RSu	729	542
NFU's	54	43
Outros materiais depositados	109	120
Totais	1438	1033

4.- Puntos Limpos de reciclado.

Esta actividade se inicia en xuño de 2011 e ten a finalidade de comprobar o cumprimento da normativa establecida para os puntos Limpos de Galicia. Estes establecementos xestores de residuos, creados pola Xunta de Galicia e espallados por toda a xeografía da comunidade Autónoma, están destinados a almacenar diversos tipos de residuos, non compatibles coa recollida dos **RSU's**.

Trátase de levar a termo unha minuciosa inspección das instalacións, á instancia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do acopio dunha ampla gama de residuos sólidos, que quedaría reflectida nun "Check-List". Posteriormente se acompaña coa confección dun completo informe e máis unha reportaxe fotográfica que se transmiten telematicamente á Consellería.

Comisionados previamente pola Consellería, inspeccionáronse un total de **55 establecementos**. A gran maioría dos centros cumpría coa normativa vixente. So se detectaron **112** con incumprimentos normativos, tramitando as correspondentes **denuncias**.

As infraccións máis correntes detectadas son a mestura de líquidos de distinto orixe, non depositar os residuos nos contedores adecuados, irregularidades na sinalización ou deficiencias nos peches que os delimitan.



	Inspeccións	Denuncias
Totais	1	2

5.- Desguaces e outros.

De igual xeito que no apartado anterior, a instancia e previa comisión da Consellería de Medio Ambiente, continuouse coa inspección de establecementos adicados a “**desguaces de turismos**”. O modus operandi dos actuantes tamén é similar, é dicir, realizar unha inspección das instalacións, cumprimentar un check-list, realizar unha reportaxe fotográfica e remitir o actuado á Consellería telematicamente.

No cadro que sigue, se reflicten os datos estatísticos da actividade nesta materia, que suman un total de **1** inspeccións e **2** denuncias:

	Inspeccións	Denuncias
Totais	1	2

-OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (Talas, recheos, minas/ canteiras...)

Préstase unha especial atención ás **talas** incontroladas de especies arbóreas, inspeccionando que esta actividade estea dotada dos correspondentes permisos administrativos. Tamén se vixían as zonas de Rede Natura, as especies protexidas, a flora dos dominios fluviais... etc. Tamén se presta especial atención aos **movementos de terras e recheos**, que han de estar autorizados para impedir impactos ambientais negativos. De igual maneira se fiscaliza a produción de **residuos en minas e canteiras**, nunha dobre vertente: os relativos aos residuos propios da minería e os residuos procedentes da utilización da maquinaria industrial.

	Inspección s	Denuncias
Canteiras/Mina s	7	4
Incidencias Ambientais	945	26
Recheos	29	16
Talas	180	51

6.- Caza e Pesca.

Esta actividade céntrase no control e inspección da actividade cinexética: cumprimento da normativa en materia de caza e pesca, inspección dos Tecores e a supervisión de outras actividades como Ganchos, batidas, etc. Esta é unha actividade desenvolvida ao longo de todo ano e, cunha especial dedicación nas campañas propiamente ditas.

	Inspección s	Denuncias
Caza	1878	230
Pesca Fluvial	2084	53

7.-Urbanismo.

Dende hai anos vense colaborando estreitamente coa APLU (Axencia da Protección da Legalidade Urbanística) en materia urbanística. Case todas as actuacións se inician a requirimento da Axencia, se ben, en ocasións moi singulares, pode partir da denuncia de particulares, aínda que sempre baixo a supervisión e asesoramento de Urbanismo (este tipo de actividades non quedaron reflectidas en informes de anteriores exercicios, nin na estatística actual).

	Inspecc.	Denuncia s	Averig. domicilio	Colaborac.	Informes
Actividade	697	197	11	46	326

7.-Zonas protexidas medioambientalmente.

É de sinalar que, por parte da unidade, a maiores fixéronse **431** inspeccións das zonas protexidas medioambientalmente: **LIC**, sendo comunicadas **79** irregularidades nesta materia á administración autonómica.

	Inspección s	Denuncias
Actividade	431	79

Cadro-resumo Estatístico:

	Inspeccións	Denuncias
Totais	10.692	5.333

Por último salientar que seguindo as instrucións que de forma permanente son impartidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por esta Unidade de Policía Adscrita á Xunta, continuaranse coas actividades que se veñen desenrolando de inspección e control das materias ás que fai referencia o presente informe ou con outras que no futuro se nos demanden.

7.4. Feira Taurina: A Peregrina.

Como en anos anteriores a unidade, por nomeamento da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, foi a encargada de presidir a feira taurina de Pontevedra; **festas da Peregrina**, todo iso en virtude do vixente regulamento de espectáculos taurinos.

Plaza de Toros de
PONTEVEDRA
Expositor: PLAZAS Y TOROS, S.L.
TRADICIONALES FIESTAS
DE LA PEREGRINA



Los días, 5, 11, 12 y 15 Agosto 2018
3 ESPECTACULARES CORRIDAS DE TOROS, 3
(DE ABONO) Y UNA EXHIBICIÓN DE CABALLOS ESPAÑOLES

5 Agosto CORRIDA DE TOROS a cargo de la ganadería de "El Jule" por los toreros José María MANZANARES y ROCA REY	7 Agosto CORRIDA DE TOROS a cargo de la ganadería de "Los Espartaco" por los toreros DIEGO VENTURA y ANTONIO FERRERA "EL FANDI"
12 Agosto CORRIDA DE TOROS a cargo de la ganadería de "D. Daniel Ruiz" por los toreros MORANTE DE LA PUEBLA y TALAVANTE	15 Agosto ASÍ BAILAN LOS CABALLOS ESPAÑOLES PRECIOS MUY POPULARES DESDE 8 € Los niños menores de 12 años GRATIS (acompañados de un adulto con bofetón)

ADQUISICIÓN PREFERENTE DE LOCALIDADES:
Los promotores de la feria de la temporada 2017, podrán retirar las localidades de los 3 festejos, los días 18, 19, 20 y 21 de julio.
Para aquellos aficionados que deseen adquirir nuevas tarjetas de abono para los 3 festejos, podrán hacerlo los días 22 y 23 de julio.
Las tarjetas se repartirán en: Desde el Lunes, 23 de julio hasta finalizar la feria, las localidades para todos los festejos, en Taquilla de la Plaza de Toros.
Tel: 963308593
Horario: De 10:00 a 13:00 h, por la mañana y de 17:00 a 20:00 h, por la tarde (domingos festivos).

servituro.com
toro +34 96 330 85 93

Dita normativa regula a organización e desenvolvemento dos espectáculos taurinos e das actividades relacionadas con estes, en garantía dos dereitos e intereses do público e de cantos interveñen naqueles, de conformidade co previsto na disposición final segunda da Lei 10/1992, de 4 de abril sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos.

Como establece o artigo 37 o **presidente** é a autoridade que dirixe o espectáculo e garante o normal desenvolvemento do mesmo e a súa ordenada secuencia, esixindo o cumprimento exacto das disposicións na materia, propoñendo, no seu caso


á Administración competente a incoación de expediente sancionador polas infraccións que se cometan.



As reses no curral.

O presidente será asistido (art 42) por un **delegado governativo**, que transmitirá as súas ordes e esixirá o seu puntual cumprimento, e a cuxo cargo quedará o control e vixilancia inmediatos da observancia do preceptuado neste regulamento.

O delegado governativo contará coa oportuna dotación de forzas de seguridade co fin de evitar a alteración da orde pública e protexer a integridade física de cantos interveñen na festa ou asisten a ela.



Inspección veterinaria.



A Xefatura de Pontevedra, encargada da súa xestión foir apoiada por funcionarios da ERPOL e da secretaría da Xefatura en funcións de seguridade e apoio documental en todas aquelas etapas das que consta un espectáculo taurino desta natureza, que van desde o desembarque e pesada das reses, ata os recoñecementos veterinarios de reses e cabalos, sorteos, enchiqueramentos, inspeccións de materiais (puias, petos, banderillas etc.), desenvolvemento da lidia e labores finais con análises postmorten e demais xestións documentais.

Sorteo.



7.5. Equipo de Resposta Policial (ERPOL)

O Grupo ERPOL (Equipo de Resposta Policial) está formado, por catro equipos operativos e un equipo de mando. Ten como funcións principais todo o relativo á seguridade do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, tanto en actos oficiais como na esfera máis próxima á súa residencia oficial, incluídos os itinerarios ou traxectos aos mencionados lugares.



Ademais debe velar polo normal funcionamento das institucións da Comunidade Autónoma, así como a seguridade excepcional como consecuencia de eventos ou actos, tales como manifestacións, concentracións, peches de persoas en edificios públicos etc, que os poidan perturbar, dispoño para iso dos medios adecuados para actuar no caso de que así fose necesario e cando as autoridades das cales se depende funcionalmente así o requiran e o determinen.





Conxuntamente coa Consellería do Mar, concretamente co servizo de Gardacostas da Xunta de Galicia, este Grupo participa en numerosos dispositivos para tentar paliar, na medida do posible, o furtivismo nas distintas zonas do litoral galego

incidindo na salvagarda e protección dos recursos mariños e dar seguridade aos axentes Gardacostas, todo iso realizado tanto desde terra como desde o mar nas distintas embarcacións da Xunta de Galicia.



A ERPOL realizando controis nocturnos




Durante o verán realízanse patrullas en prevención de incendios forestais ao longo de toda a xeografía galega dentro do plan contra incendios da Xunta de Galicia **PLADIGA**, realizando cando corresponda as primeiras actuacións para o esclarecemento dos citados incendios e prestando colaboración tanto ás unidades de extinción como ás persoas afectadas por estes.

Outros servizos que asume este Grupo son dispositivos de seguridade con motivo de **festexos taurinos** nas prazas de touros das distintas cidades galegas, dentro das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia.



A ERPOL embarcada co Servizo de Gardacostas



Este subgrupo está capacitado para actuar en caso necesario en catástrofes tipo riadas e inundacións, xa que recibiu a formación e medios materiais necesarios para dar resposta apropiada a este tipo de emerxencias.

Ao longo do ano préstase colaboración en servizos conxuntos así ordenados pola superioridade tanto en prevención de feitos delituosos, como en actos oficiais e puntualmente na realización de



actividades propias da aplicación da Lei de Protección da Seguridade Cidadá no lugar que se determine, dentro da xeografía galega, cando pola complexidade destas actividades se precise de persoal especializado.

Grazas ao extremado celo co que a diario actúan os membros deste equipo, a súa profesionalidade, a súa dedicación e dispoñibilidade absoluta en caso de necesidade inmediata, así como a optimización na utilización dos recursos dos cales se dispón (vehículos, medios antidisturbios, etc.), xunto coa organización e dirección axeitadas a este tipo de persoal, conseguiu chegarse a resultados inmejorables, que han ir en beneficio dunha mellor consideración do labor policial que actualmente se atopan desempeñando ao servizo da Comunidade Autónoma, respondendo sempre coa maior celeridade e motivación alá onde sexan requiridos.



Estes servizos son proba do bo facer dos funcionarios, as que o integran, que non dubidan en actuar sempre que son requiridos. A súa entrega no servizo é peza decisiva para unha mellor prevención ante a posibilidade de comisión de feitos delituosos, acometendo con total seriedade e indiscutible profesionalidade, o labor preventivo, cunha imaxe cada día mellor de cara á opinión pública, como tamén á percepción de seguridade por parte da persoa que solicite e dirixa as súas intervencións, constituíndo un exemplo de profesionalidade a ter en conta.

-ACTIVIDADE ESPECÍFICA DA UPA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO FURTIVISMO E MARISQUEO ILEGAL.

Esta actividade de loita contra o marisqueo ilegal, que se enmarca dentro das previsións do citado artigo 38 da lei 2/86, especificamente no apartado c) xa se viñera desenvolvendo pola UPA con notable éxito ata o ano 2005. Sen embargo dende esa data se abandonaron estas funcións, agás en contadas ocasións, perdendo o seu carácter de colaboración permanente co persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas.

Dende mediados do ano 2009 a entón Consellería do Mar amosou a súa preocupación polos constantes incidentes relacionados co marisqueo ilegal, que repercutían negativamente non só na seguridade e integridade dos traballadores/as do mar, senón tamén na do persoal propio daquela Consellería ao que compete a regulación e control do marisqueo e da súa actividade extractiva.

O interese daquela Consellería, motivou que dende o primeiro momento, o titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que depende funcionalmente a Unidade de Policía Adscrita, transmitise a necesidade de retomar e reforzar, como unha tarefa específica da UPA, a loita contra o furtivismo en colaboración coa Subdirección Xeral de Gardacostas.

Por isto, dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a través da xefatura




da Unidade de Policía Adscrita, planificáronse as liñas mestras dun protocolo de colaboración por parte do persoal da UPA, de xeito que se puidera acometer eficazmente a intervención policial contra todos aqueles que desenvolvesen actividades ilegais de furtivismo en materia de pesca e marisqueo.

Así, como parte dos cometidos ordinarios da unidade, retomouse a comezos do ano 2010 a colaboración sistemática co persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas, da entón Consellería do Mar. Para iso foi preciso reestruturar parte dos efectivos da sede central de Santiago de Compostela, integrándoos nun grupo policial denominado

“ERPOL” (Equipo de Respuesta Policial), debidamente formado e preparado para tarefas de protección e intervención específica, dotados asemade dos medios de intervención necesarios, que puidese acometer con garantías a colaboración na loita contra o furtivismo.

Desta maneira, ademais da colaboración que nesta materia poidan prestar os efectivos destinados nas sedes provinciais e locais da UPA, sempre está operativo para desprazarse a onde se precise, un equipo especificamente preparado para colaborar co persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas na loita contra o furtivismo nas súas distintas manifestacións.



Durante o pasado ano 2018, como froito da colaboración entre o persoal integrado en “ERPOL” da Unidade de Policía Adscrita e o persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas, establecéronse un alto número de dispositivos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega, coa finalidade de impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire a extracción do marisco como a venda e distribución ilegal do mesmo.

Estes dispositivos, con operativos específicos cada mes, son un indicador do alto grao da colaboración entre os efectivos policiais da UPA e o persoal da actual Consellería do Medio Rural e do Mar.



De cara ao ano 2019, esta colaboración vaise manter e mesmo incrementar na medida do posible, de maneira que se consoliden definitivamente as intervencións do persoal policial da UPA nas tarefas de control e loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

7.6- POLICÍA DE SEGURIDADE

Durante o ano 2018 desenvolvéronse en toda Galicia mobilizacións cidadás - manifestacións, concentracións e peches- por mor de conflitos que afectaron ás competencias da Xunta de Galicia e ás súas dependencias. Ademais do seu

seguimento constante, en máis de 240 delas foi necesaria a presenza de membros da UPA incluso nas que non existía unha previa comunicación da Autoridade Governativa.

Os dispositivos de seguridade establecidos nos distintos edificios da Xunta de Galicia lograron que todas as mobilizacións se desenvolvesen en condicións que garantiron o normal funcionamento das institucións, ao disuadir, se fose o caso, aos participantes de toda intrusión hostil e da ocupación dos edificios oficiais.

As previsións de conflitividade elabóranse coa colaboración da Xefatura Superior de Policía de Galicia, que facilita á UPA diariamente a información pertinente.

No ano 2018, incrementábase a colaboración da UPA coas restantes forzas e corpos de seguridade, participando de xeito regular e conxunto coas distintas Comisarías Provinciais e Locais en todo tipo de dispositivos establecidos para garantir a seguridade cidadá.

Por outra banda, e no ámbito da seguridade cidadá, as actividades da UPA materializáronse en dispositivos e en patrullas, -dinámicas e estáticas-, e nos apoios con patrullas ordinarias ás actividades das distintas consellerías.

7.6.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

Neste aspecto destacan os dispositivos de seguridade e as patrullas de seguridade estática en instalacións policiais e da Xunta de Galicia.


7.6.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

Efectúanse un importante número de dispositivos e patrullas, ordinarios e extraordinarios, para dar servizo ao presidente da Xunta de Galicia, aos titulares da Vicepresidencia e Consellerías, o presidente do Parlamento de Galicia, así como aos visitantes ilustres nas súas estadias como invitados da Xunta de Galicia.

O ano 2018 foi pródigo en actos institucionais e culturais e en visitas oficiais á nosa Comunidade Autónoma. Por parte da UPA participouse, en colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade na protección persoal e na seguridade das autoridades e personalidades -os convidados da Xunta de Galicia- que, en visita oficial, se achegaron a Santiago de Compostela e accederon ás instalacións e dependencias institucionais.

Entre os servizos prestados, merecen ser destacados pola súa relevancia os servizos e operativos realizados con ocasión da visita de membros da Casa Real, do presidente do Goberno, ministros, presidentes de países estranxeiros, autoridades comunitarias, autoridades dos distintos parlamentos europeos e en reunións ministeriais. Como consecuencia incrementáronse notablemente as tarefas de contra vixilancia.

Sinalar que se realizaron tarefas de contra vixilancia arredor de diferentes personalidades como consecuencia da actividade terrorista.



7.7.- APOIO A INSTITUCIÓNS

En apoio a tarefas de distintas consellerías, a UPA estableceu durante o ano 2017, un amplo número de dispositivos, entendidos estes como servizos planificados especificamente, estables e que alcanzan a tres ou máis funcionarios. Estas actividades policiais concrétnanse, fundamentalmente, en labores de apoio á maior parte das Consellerías da Xunta de Galicia.



7.8.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE

É consubstancial á actividade policial o mantemento de relacións fluídas e continuadas coa sociedade á que serve e coas institucións que a representan. Dende a UPA, dentro do seu ámbito competencial e das específicas funcións que ten encomendadas, pretendeuse incrementar os contactos coa cidadanía, abríndose a calquera información que lle puidesen facilitar, e consecuentemente na súa relación coas autoridades, institucións e entidades, para un incremento na calidade dos servizos policiais e da súa percepción polos administrados.

Durante o ano 2018 mantivéronse encontros con autoridades xudiciais e O Ministerio Fiscal, incrementáronse notablemente os contactos cos responsables dos servizos sociais dos concellos, pola súa inmediata implicación nas investigacións efectuadas nos eidos da violencia intrafamiliar e menores.

Todo isto incide nun maior número de referencias nos medios de comunicación social e, indirectamente, no grao de coñecemento que a sociedade galega ten da unidade.

Nesta liña enmárcanse as visitas efectuadas por funcionarios uniformados a centros docentes, garderías, servizos sociais dos concellos, nos contactos con diferentes colectivos cidadáns e, sen dúbida, nos servizos humanitarios que se prestaron.





Neste senso é de subliñar a continua participación dos membros da UPA en coloquios, reunións, entrevistas, así como a súa actividade docente, colaborando con distintas institucións públicas e privadas, como son a Universidade de Vigo e a Academia Galega de Seguridade Pública.



Na Academia Galega de Seguridade Pública, organismo autónomo adscrito á consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, impártense en cursos e xornadas un número importante de materias relacionadas coa actividade da UPA, como son as de seguridade, protección e medio ambiente.

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

8.2.- INFORMÁTICA, FORMACIÓN , TIRO

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

A xestión dos recursos e a busca da súa optimización, pode ser considerada dende dúas perspectivas fundamentais: a xestión técnica e a xestión de persoal.

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

Documentación:

En todas as sedes da UPA rexistráronse preto de 15.000 entradas e aproximadamente igual número de rexistros de saída;

Arquivo:

Polo importante número de documentación que se manexa é salientable o labor de arquivo, desenvolvéndose a cotío as funcións que son propias a tal actividade.

Automoción:

Na actividade policial o uso de vehículos de todo tipo é fundamental; constituíndo unha área de especial importancia, tanto polo custo que supón a súa adquisición e o combustible, como polas tarefas de mantemento do parque móbil para garantir as axeitadas condicións de seguridade e, mesmo, de imaxe institucional.





O parque móbil da UPA na actualidade conta con 117 vehículos, varios deles cedidos pola Consellería de Medio Rural e do Mar que fan labores de prevención e investigación de incendios.



Vehículos na Xefatura Local de Vigo

Distribución vehículos por sedes

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou no ano 2018 na entrega dun total de dezasete novos vehículos para a Policía Adscrita, especialmente equipados para as labores relativas ao medio ambiente: con sistema 4x4 e kit de recollida de mostras, e de traslado de menores.

COCHES ROTULADOS	54
COCHES CAMUFLADOS	53
MOTOS ROTULADAS	4
MOTOS CAMUFLADAS	4
TOTAL FLOTA	115

	Santiago	Coruña	Lugo	Ourense	Pvdra	Vigo	UPA
Coches	46	12	13	13	11	12	107
motos	2			4	1	1	8



Comunicacións:



Sendo conscientes da súa grande importancia na actividade policial e do constante dinamismo por mor dos continuos avances das novas tecnoloxías.

A Unidade incorporada dende o ano finais do ano 2015 a Unidade incorporouse á rede de comunicacións dixitais de emerxencia de Galicia, baseada no estándar TETRA, que a Xunta de Galicia implementou a través



da AMTEGA e RETEGAL.

En total a unidade conta con 159 equipos, entre fixos, móbiles e portátiles, distribuídos entre todas as xefaturas.

8.2 INFORMÁTICA, FORMACIÓN, TIRO

Informática:

A UPA, dado o extenso ámbito xeográfico de actuación e a súa descentralización territorial en distintas sedes, unido á propia función policial, demanda un sistema integral tanto para a xestión e organización como para as intercomunicacións e o transvase de información. A natureza e a dinámica do traballo policial, tanto nos seus operativos como na súa xestión, esixe ademais dun áxil manexo, un tratamento seguro de todo tipo de datos, na súa maioría de especial protección.

O Gabinete Técnico, con dependencia directa da Xefatura de unidade continúa traballando no deseño dun proxecto de informatización, que permita traballar a

toda unidade nun sistema único e integral.

Como as restantes unidades da Xunta de Galicia a UPA conta con enderezos electrónicos baixo o dominio @xunta.es.

CORREO ELECTRONICO	
Xefatura Unidade	<u>galipol.xefatura@xunta.es</u>
Secretaría Xeral	<u>galipol.secretaria@xunta.es</u>
Gabinete Técnico	<u>gabinete.galipol@xunta.es</u>
Sala de Coordinación	<u>galipol.sala@xunta.es</u>
Xefatura de A Coruña	<u>galipol.xpco@xunta.es</u>
Secretaría A Coruña	<u>galipol.spco@xunta.es</u>
Xefatura de Lugo	<u>galipol.xplu@xunta.es</u>
Secretaría Lugo	<u>galipol.splu@xunta.es</u>
Secretaría Ourense:	<u>galipol.spou@xunta.es</u>
Xefatura de Ourense	<u>galipol.spou@xunta.es</u>
Xefatura de Pontevedra	<u>galipol.xppo@xunta.es</u>
Secretaría Pontevedra	<u>galipol.sppo@xunta.es</u>
Xefatura de Vigo	<u>galipol.xlvi@xunta.es</u>
Secretaría Vigo	<u>galipol.slvi@xunta.es</u>

Formación:

No ano 2018 desenvólvense un importante número de cursos relacionados coa actividade policial, o que permitiu a actualización e perfeccionamento dos funcionarios nos labores que teñen asignados; o que amosa un considerable


esfuerzo dos membros da unidade neste campo, xa que bo número deles participaron en máis dun curso, destacando entre outros:


CURSOS REALIZADOS	ASISTENTES
DESA Y P. AUXILIOS	10
CONDUCCION EVASIVA	16
PERS. DESAPARECIDAS	7
SOBRE LEI 4/17	20
DELITOS TECNOLOXICOS	2
VIOXEN	13
FURTIVISMO	7
ACTUACIONES EN INCENDIOS	20
INTERVENCION EN M.ACUATICOS	16
DESA E P. AUXILIOS	15
DOCUMEN. POLICIAL	26
ERPOL ACTUALIZACION	30
ERPOL DESA	30
HABILIDADES COMUNICACIÓN	18
INVESTIGACION INCENDIOS	22
MENORES	24
PROTECCION. ESCENA DELITO	10
VIOXEN	25
SECUESTROS	9

Estes cursos foron impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) así como pola Dirección Xeral da Policía.



Curso de intervención en medios acuáticos






No campo da formación cabe destacar tamén os cursos específicos impartidos pola AGASP en materia de urbanismo, transportes e medio ambiente.

EQUIPO DE TIRO POLICIAL

Cumpriuse na súa totalidade o Plan Nacional de Tiro previsto pola Dirección Xeral da Policía.

A ERPOL facendo practicas de tiro



Durante o ano 2017, os integrantes do Equipo de Tiro da Unidade Adscrita a Galicia, participaron en diferentes competicións e modalidades de tiro, alcanzando meritorias clasificacións:



Campeonato da Armada, en el campo de tiro de As Pontes.

Campeonato Navidad da Xefatura Superior de Policía, en As Pontes.







9.- OBIECTIVOS PARA O ANO 2019

OBXECTIVOS 2019

A UPA ten como obxectivos prioritarios para o ano 2019:

-  **Compreter as prazas vacantes na UPA ata alcanzar o establecido no Catálogo de Postos de Traballo.**
-  **Continuar a renovación da flota de vehículos.**
-  **Papel cero, desenvolvendo as aplicacións informáticas que permitan o aforro en gasto de papel e a mellora das comunicacións**
-  **Mellora dos edificios das sedes de Lugo, Vigo e inauguración da nova sede en Ourense.**
-  **Potenciar os grupos de protección ás vítimas de vioxen.**
-  **Potenciar a investigación dos incendios forestais, seguindo coa formación ,especialización, dos integrantes dos grupos de investigación de lumes e a coordinación e apoio do EMIL (equipo multidisciplinar de investigación de lumes)**
-  **Restructurar e potenciar as nosas unidades medioambientais (UMA).**
-  **Potenciar a loita contra o furtivismo marítimo.**

Para manter esta efectividade, temos que adaptarnos aos novos “Modus operandi” que están adoptando os furtivos; para iso, é imprescindible:

-Capacitar un equipo de submarinismo (ultimamente se está incrementando moito este tipo de pesca furtiva).

-No futuro próximo: ver a posibilidade da utilización dos adiantos tecnolóxicos na prevención/investigación (UTILIZACIÓN DE DRONS).

-  **Priorizar o control de menores e situación de risco**
-  **Vixiancia e protección dos Camiños de Santiago**

1.- Sección de Seguridade e Protección.

Grupo de seguridade estática

Medios humanos

1) Funcionarios da Escala de Subinspección

Reestruturar e dar novo contido aos servizos desempeñados polos Subinspectores, Xefes de Subgrupo.

2) Funcionarios da escala Básica

Con motivo de funcionarios/as na situación de baixa médica de longa duración, faise necesario a reestruturación nas quendas rotatorias co fin de adecuar e dotar a cada un deles do persoal necesario para a realización dos servizos, tendo en conta as distintas indispoñibilidades que se producen nos mesmos (baixas médicas puntuais, liberación sindical, asuntos familiares, licenzas, permisos, vacacións, inasistencias, asuntos particulares, etc.

Prestación do servizo

1) Control de acceso aos Edificios Administrativos

Continuar e ir mellorando a calidade nos labores propios do servizo de seguridade, así como no contacto que se teña con aqueles cidadáns que por algún motivo acceden ao interior dos edificios oficiais.

Máis presenza nos perímetros próximos exteriores destes edificios, co fin de previr concentracións hostís momentáneas non comunicadas e disuadir posibles intrusiones ou actos vandálicos.

2) Patrullas móbiles

Cando o número de medios humanos e técnicos o permitan, potenciar as patrullas móbiles habituais, dar apoio puntual a outros servizos que polo seu grao de prioridade necesíteno (Consello de Goberno, Sesión Plenaria, actos institucionais en Pazo de Raxoi, etc), nomeando para iso unhas patrullas específicas para cada quenda.

Outros obxectivos

1) Formación

Cursos de formación para os funcionarios do Grupo de Seguridade Estática, con contido específico nesta materia.

Cursos de condución e utilización de vehículos para os funcionarios que desempeñan o servizo en patrullas móbiles.

Cursos de primeiras actuación coas vítimas de violencia de xénero

Grupo de protección

Continuar coa mesma dinámica e dedicación en canto á protección das VIPs naqueles actos oficiais que estean presentes, e nalgúns casos o de entradas e saídas do domicilio, nos que se pretende aumentar as contra vixilancias.

2.- Equipo de Resposta Policial. ERPOL.

*-Continuar mellorando a actividade asignada na loita contra o **furtivismo, o marisqueo ilegal e o comercio irregular no sector**, ampliando esta actividade a toda a costa Galega, sen descoidar as tarefas de **seguridade e protección** nos actos institucionais das Autoridades da Comunidade Autónoma, dotándoos para o exercicio das súas funcións dos medios técnicos axeitados e da formación continua necesaria, extremos estes que redundarán nunha maior calidade do servizo e das actuacións a practicar nesta materia.

*Incrementar a colaboración e coordinación co Servizo de Gardacostas da Consellería do Mar, así como cos vixiantes das Confrarías e resto de estamentos relacionados con esta materia.

* Intensificar o control do marisqueo ilegal en zonas clasificadas como prohibidas, así como as inspeccións e control do marisco procedente doutros países en depuradoras, cetáreas, e estradas interurbanas, co gaio de evitar a competencia desleal co noso sector produtivo.

*Colaboración e apoio a Axencia Galega de Emerxencias de Galicia (AXEGA) na busca e rescate de persoas desaparecidas nas costas, rías e ríos galegos, así como a intervención en riadas e inundacións que puideran producirse en todo o territorio da Comunidade Autónoma,

3.-Sección de Investigación

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR MATERIAS:

1.- Colaboracións coa Consellería de Medio Ambiente.

Actividades de investigación medio-ambiental: residuos, verquidos, vertedoiros e similares.

O campo medioambiental cumpre un amplo abano de actividades da unidade, que para a súa vixilancia e control encomendáselles as patrullas diariamente. Céntrase nas seguintes actividades do medio ambiente:

-Talleres. Produtores de residuos. Inspección de talleres e outros negocios. Control documental e do tratamento final dado aos distintos residuos. Especial atención aos talleres clandestinos/ilegais, en coordinación coas asociacións de talleres da Comunidade Autónoma.

-Pneumáticos: NFU. Investigación no sector da distribución para fiscalizar nunha dobre vertente: posibles fraudes na xestión de residuos de pneumáticos usados (sobre todo importados fóra de uso) e o control do abono da ecotaxa.

-Plásticos agrarios. Investigación do destino e tratamento dado á este tipo residuos e control dos puntos de recollida ou acopio.

-Puntos de vertidos incontrolados: PVI. Proseguir coa elaboración dun censo actualizado de vertedoiros incontrolados en Galicia.

-Residuos de Construción e Demolición: RCD. Investigación do destino dado aos residuos de construción e demolición e do cumprimento da normativa nesta materia nos plans de eliminación de RCD's.

-Residuos Sólidos Urbanos: RSU. Investigación en distintos concellos de Galicia sobre o incumprimento da normativa na recollida selectiva de residuos urbanos.

-Vehículo fora de uso: VFU. Desguaces. Á instancia da Consellería, a inspección e control de establecementos dedicados a recollida de chatarras e despezamento de vehículos mediante a confección dos check-list.

Tamén se continuará coa localización de vehículos abandonados, con especial atención aos abandonados en masa forestal.

-Puntos Limpos. Á instancia da Consellería, continuar coa realización das inspeccións nos puntos limpos. Igualmente a elaboración dos "check-list", os informes e as reportaxes fotográficas nos establecementos deste ramo.

-Verquidos. Control e vixilancia de augas continentais e costeiras: vertidos industriais, puríns, captacións ilegais...

-Lodos e puríns. En aplicación da nova normativa e tras a moratoria establecida pola consellería, seguimento sobre o tratamento dado aos lodos para uso agrario procedentes dos EDAR e da industria agroalimentaria.

-Canteiras, Minas e outros, como movementos de terras, captación irregular de augas e calquera outros vertidos susceptibles de ser denunciados.

-Aceites vexetais. Control sobre establecementos produtores de aceite vexetais e empresas dedicadas ao transporte e valoración.

-Vertedoiro Selados. Inspección do correcto estado destes recintos.

-Talas arbóreas. Comprobar a legalidade desde tipo de industria.

- **Control de caza e pesca.**
- **Control de transporte do leite.** Nova actividade, para seguir a trazabilidade do produto.
- **Control da actividade apícola.** Cumprimento da normativa neste eido.
- **Espazos naturais, LIC.** Inicio do control de actividades ilegais que poidan afectar a estas zonas protexidas.

2.- Colaboracións coa Consellería de Medio Rural.

Actividades de investigación en materia de sanidade e benestar animal.

- **Feiras e Mercados de gando.** Actividade inspectora, en colaboración con servizos veterinarios da Xunta de Galicia.
- **Benestar Animal.** Actividade de inspección e supervisión do cumprimento da normativa en materia de saneamento e benestar animal, identificación do gando, transporte animal e movementos pecuarios. Crotais. Explotacións agro-gandeiras.
- **Residuos Sandach.** Xestión e control do transporte de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.
- **Fitosanitarios.** Operadoras. Inspección de establecementos de distribución e venda de produtos fitosanitarios e das empresas operados deste tipo de produtos.
- **Gando mostrenco.** Especial atención á cabana deste tipo de gando.
- **Transportes de perecedoiros.** Control deste tipo de actividade e dos carnés de manipuladores de alimentos.
- **Lodos con fines agrícolas.** En aplicación da nova normativa e tras a moratoria establecida pola consellería, seguimento sobre o tratamento dado aos lodos para uso agrario procedentes dos EDAR e da industria agroalimentaria.

3.- Colaboracións coa Consellería de Cultura

Patrimonio Histórico Cultural de Galicia.

Colaboracións coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística: APLU.

-En materia de Urbanismo: cumprimento das solicitudes de colaboración coa APLU na práctica de xestións sobre comprobacións de distintos extremos, como poden ser á solicitude de informes, averiguacións de domicilios, entrega de notificacións, apoios solicitados en demolicións, ordes de paralización...

-En Patrimonio. Colaboración para o mantemento do Patrimonio Histórico de Galicia mediante actividades de vixilancia, control e investigación.

-Intentarase confeccionar un rexistro de todas aquelas tallas que poidan ter un valor artístico para facelas un seguimento, sobre todo nas depositadas en capelas e templos que pola súa situación poidan ser obxecto máis doado de espolio.

-Elaboración de informes sobre **BIC (Bens de Interese Cultural)** en coordinación Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Servizo de Vixilancia e Inspección do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura e Turismo. Especial atención a calquera tipo de actividades que pretendan agredir ou alterar de calquera xeito o entorno do Camiño Francés e os inmobles ou BIC catalogados.

-Camiños de Santiago (Norte, Francés, Primitivo...): con especial atención ao Francés. Patrullas, controis/visitas de albergues, entrevistas con peregrinos, auxilios humanitarios, etc.

4.- Prevención e investigación de incendios.-

O labor prioritario desta Xefatura provincial será o relacionado coa actividade incendiaria e a localización dos autores/as dos lumes para realizar as dilixencias correspondentes, onde os mesmos figurarán coma detidos/as ou investigados/as dependendo das circunstancias de cada caso, fixándose como obxectivos:

a).- Prevención dos lumes.- A actividade preventiva desenrolarase dependendo da época do ano e a frecuencia dos lumes. Esta labor será realizada polo número axeitado de funcionarios policiais, para que cunha presenza policial activa, pódase disuadir a actividade incendiaria. Será unha labor continua, se ben

durante a época do ano de menor incidencia dos lumes, compaxinarase coas outras tarefas encomendadas.

b).- Investigación de Incendios.- O equipo permanente de investigación constará dun oficial e de 7 policía que se adicarán en exclusiva a recollida de información, análise da mesma, investigación das causas, etc. así como a realización dos atestados por incendios, control de supostos incendiarios e cantas outras tarefas de investigación sexan precisas.

5.- Equipo de Menores.

Esta labor desenrolarase en estreita colaboración coa Fiscalía de Menores así como co Servizo de Menores dependente da Xefatura Territorial, para os que realizarán as dilixencias, oficios ou os informes pertinentes.

Na demarcación desta unidade, existen varios centros dependentes da Xunta, nos cales se atopan ingresados menores, polo que haberá que realizar un elevado número de traslados e custodias, sendo necesario para o seu desenrolo, a colaboración doutros/as funcionarios/as destinados nos distintos equipos, que realizarán e simultanearán o labor co seu propio cometido, dado que, en moitos dos casos, os traslados soamente implican a metade da xornada.

-Dentro das actividades tamén está a de atopar os **menores fugados**, actividade na que colaboran tamén outros funcionarios/as, simultaneando cos seus propios cometidos.

-Outros dos cometidos serán o **control de establecementos** frecuentados por menores, en pro de tratar de erradicar a **venta de alcol e tabaco** nestes establecementos, así como o de vixiar que os establecementos cumpran coa normativa vixente. Tamén se vixiará o consumo de alcohol por parte de menores en vía pública.

-O control e o seguimento da actividade das apostas en **centros de ocio** e en establecementos hostaleiros, para que as máquinas de apostas deportivas non sexan utilizadas por menores e cumpran ca normativa vixente.

-**Entrevistaranse** cos directores dos centros escolares, mantendo unha relación fluída con eles, para lograr reducir o **absentismo escolar**, así como manter unha comunicación fluída coa Comisión de Absentismo escolar do concello. A vixilancia para impedir a utilización de menores na practica da mendicidade, tamén se levara a cabo por estes funcionarios

-Menores en **situación de desamparo** (detección de malos tratos no ámbito intrafamiliar, educativo e en centros de acollida).

-**Absentismo e mendicidade.** Control do absentismo escolar, inspección de locais de xogos/lecer ou utilización de menores na mendicidade

-Control do tráfico minorista e consumo de **sustancias estupefacientes** por menores, dunha maneira especial en centros educativos ou no seu entorno e en outros lugares de ocio (colaboración con CNP).

-**Violencia intrafamiliar.** Tramitación de atestados-denuncias, gravación das ordes de afastamento...Especial atención a situacións de maltrato aos maiores ou discapacitados.

-**Charlas e conferencias.** Colaboración en materia de acoso escolar e violencia de xénero mediante charlas e conferencias en centros escolares, así como outras materias nas que a unidade desenvolve competencias, como incendios forestais e o furtivismo.

6.- Campañas especiais.

-**Nematodo.** Inspección do transporte de madeira procedente de zonas afectadas polo nematodo, prestando especial fincapé na fronteira con Portugal, así como a utilización de madeiras de piñeiro sen desparasitizar (palets).

-**Uva para vinificación.** Control do transporte e venda de uva para vinificación, así como o control de camións cisterna que transporten viño dentro das distintas denominacións de orixe, en colaboración coa Xefatura Territorial de Medio Rural.

-**Curros.** Realización de controis de identificación equina nos curros a celebrar no ano 2018.

-Caza. Seguimento e especial vixilancia da actividade cinexética de caza e furtivismo. Especial seguimento e control doa cans (documentación, saneamento, microchip...). Tamén aos cans de razas perigosas.

-Pesca Fluvial. Seguimento e especial vixilancia da actividade cinexética de pesca e furtivismo.

7.- Xestión burocrática e secretaría.

-Seguimento diario da estatística a través do programa **statis**, e a confección dos partes diarios de actuacións das patrullas, coas modificacións oportunas, e a posibilidade da súa realización vía web.

-Realizar un control e seguimento efectivo das **baixas e inasistencias**, coa aplicación da nova normativa vixente.

-Continuar coa **homoxeneización** documental a nivel autonómico.

-Premios e recompensas: elaboración periódica de propostas de felicitación.

-Control e **racionalización no consumo** de bens funxibles e inventariables.

-Realización da proposta de solicitude a Dirección Xeral de **medios materiais** para o bo funcionamento da unidade: vehículos, medios informáticos, adquisición de novas cámaras fotográficas e demais medios necesarios para desenvolver a actividade policial coas máximas garantías de eficacia, dedicando unha especial atención á inspección do estado de conservación dos vehículos, (revisión periódica), así como racionalizar o gasto en combustible.

-Mantemento e melloras das comunicacións tras a integración da UPA no sistema TETRAPOL da Xunta de Galicia.

-Axilización nos tempos de resposta aos informes solicitados por distintos estamentos da administración Xudicial e Autonómica.

-Formación permanente. Solicitar e xestionar a realización de cursos de actualización coa "Dirección General da Policía", Consellerías, Academia Galega de Seguridade Pública ou calquera outra Institución de interese. Tamén a realización de **cursos formativos** relacionados coas competencias que desenvolve a unidade, utilizando a plataforma on line de AGASP.

- Formación nas novas aplicación **libre office**
- Especial atención ao cumprimento do **Plan Nacional de Tiro**.

8.- SERVIZO DE 24 HORAS.-

Todos os cometidos da unidade están atendidos perante as 24 horas do día, incluídos domingos e festivos, existindo quendas especiais para as noites e festivos.

9.- MANTER O PERSOAL ACTUAL

Tendo en conta a diminución progresiva nos últimos anos do número de efectivos da Unidade, é un obxectivo prioritario o seu mantemento e se é posible o aumento da mesma a través dos correspondentes concursos específicos de méritos dispostos pola División de Persoal de Policía Nacional